

GUÍA PRÁCTICA CONTRA A VIOLENCIA DOMÉSTICA E DE XÉNERO



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL
OBSERVATORIO CONTRA A VIOLENCIA DOMESTICA E DE XENERO

ÍNDICE

ÍNDICE	2
INTRODUCCIÓN.....	4
1.- REFORMAS DA LEI DE AXUIZAMENTO CRIMINAL.....	5
1.1.- A PRISIÓN PROVISIONAL.....	5
1.1.1.- <i>Artigo 502: competencia e proporcionalidade</i>	<i>5</i>
1.1.2.- <i>Artigo 503: requisitos</i>	<i>6</i>
1.1.3.- <i>Artigo 504: tempo de duración</i>	<i>9</i>
1.1.4.- <i>Artigo 505: procedemento e comparecencia.....</i>	<i>11</i>
1.1.5.- <i>Artigo 506: auto de prisión</i>	<i>14</i>
1.1.6.- <i>Artigo 507: recursos</i>	<i>15</i>
1.1.7.- <i>Artigo 508: arresto domiciliario ou noutro centro</i>	<i>16</i>
1.1.8.- <i>Artigos 509 e 510: incomunicación de detidos e presos</i>	<i>17</i>
1.1.9.- <i>Artigo 511: execución do auto de prisión e liberdade</i>	<i>19</i>
1.1.10.- <i>Artigo 529: liberdade provisional.....</i>	<i>20</i>
1.1.11.- <i>Artigo 530: obrigas da persoa en liberdade provisional</i>	<i>21</i>
1.1.12.- <i>Artigo 539 (parágrafos 3º e 4º): Agravación das condicións do imputado.....</i>	<i>21</i>
1.1.13.- <i>Artigo 544 bis (último parágrafo): incumprimento de medida preventiva.....</i>	<i>22</i>
1.2.- OS XUÍZOS RÁPIDOS POR DELITO OU FALTA NO ÁMBITO DA VIOLENCIA DOMÉSTICA.....	24
1.2.1.- <i>Artigo 795: ámbito de aplicación</i>	<i>24</i>
1.2.2.- <i>Artigo 796: actuacións da Policía Xudicial (citación de membros de Forzas e Corpos de Seguridade).....</i>	<i>26</i>
1.2.3.- <i>Artigo 797: dilixencias Urxentes.....</i>	<i>29</i>
1.2.4.- <i>Artigo 798: audiencia ás partes sobre suficiencia de dilixencias practicadas e medidas preventivas</i>	<i>32</i>
1.2.5.- <i>Artigo 801: conformidade</i>	<i>33</i>
1.2.6.- <i>Artigo 962: xuízo de faltas ante o Xulgado de Garda</i>	<i>35</i>
1.2.7.- <i>Artigo 965: imposibilidade de celebrar xuízo de faltas durante o servizo de Garda</i>	<i>37</i>
1.2.8.- <i>Artigo 966: citacións ao xuízo</i>	<i>38</i>
1.3.- ESTATUTO DA VÍTIMA NO PROCESO PENAL ESPAÑOL.....	40
1.3.1.- <i>Dereitos no inicio do procedemento</i>	<i>40</i>
1.3.2.- <i>Dereito á reparación do dano</i>	<i>40</i>
1.3.3.- <i>Dereito á dignidade</i>	<i>41</i>
1.3.4.- <i>Dereito á información</i>	<i>41</i>
1.3.5.- <i>Dereito á protección.....</i>	<i>42</i>
1.3.6.- <i>Condición de parte.....</i>	<i>42</i>

2.- REFORMAS DO CÓDIGO PENAL	43
2.1.- REFORMAS DA PARTE XERAL.....	43
2.1.1.- <i>Artigo 37: pena de localización permanente</i>	43
2.1.2.- <i>Artigo 39: penas restritivas de dereitos.....</i>	44
2.1.3.- <i>Artigo 40: catálogo de penas privativas de dereitos.....</i>	45
2.1.4.- <i>Artigo 46: inhabilitación especial para o exercicio da patria potestade, tutela, curadoría, Garda ou acollemento.....</i>	46
2.1.5.- <i>Artigo 48: pena de prohibición de aproximación á vítima ou familiares.....</i>	47
2.1.6.- <i>Artigo 49: pena de traballos en beneficio da comunidade</i>	48
2.1.7.- <i>Artigo 57: prohibicións a impoñer nassentencias.....</i>	50
2.1.8.- <i>Artigo 83: suspensión da execución da pena.....</i>	52
2.1.9.- <i>Artigo 84: revogación da suspensión da execución da pena</i>	54
2.1.10.- <i>Artigo 88: substitución da pena privativa de liberdade</i>	54
2.2.- REFORMAS DA PARTE ESPECIAL.....	56
2.2.1.- <i>Artigo 153: delito de lesións no ámbito doméstico</i>	56
2.2.2.- <i>Artigo 173.2: delito de violencia habitual.....</i>	57
2.2.3.- <i>Artigo 468: delito de quebrantamento de condena ou medida.....</i>	60
2.2.4.- <i>Artigo 617: falta de malos tratos</i>	61
2.2.5.- <i>Artigo 620: falta de ameazas, coacción, injurias ou vexación inxusta</i>	62

INTRODUCCIÓN

No marco do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero, o Grupo de Expertos nesta materia, integrado por Maxistrados e Maxistradas nomeada s/as polo Consello Xeral do Poder Xudicial, elaborou esta Guía.

Con isto preténdese ofrecer aos profesionais que traballan neste ámbito un instrumento útil para abordar as máis recentes reformas da Lei de Axuizamento Criminal e do Código Penal.

Elaborada dende unha perspectiva eminentemente práctica, a sistemática elixida pretende facilitar a consulta da Guía:

- A análise realízase artigo por artigo
- O estudio de cada artigo iníciase cun cadro comparativo:
 - o Na columna da esquerda recóllese a anterior redacción
 - o Na columna da dereita recóllese a nova redacción, senalando con letra negra as innovacións
- Posteriormente, recóllense os aspectos máis destacables da nova regulación

1.- REFORMAS DA LEI DE AXUIZAMENTO CRIMINAL

1.1.- A PRISIÓN PROVISIONAL

- Preceptos afectados:
 - Artigos 503, 504, 505, 506, 507, 508, 509, 510, 511 529, 530, 539 e 544 bis
- Modificacións realizadas polas seguintes Leis:
 - **Lei Orgánica 13/2003, de 24 de outubro** (BOE 27 de outubro) que entrou en

vigor ao día seguinte da súa publicación

◦ **Lei Orgánica 15/2003, de 25 de novembro**, (BOE 26 de novembro de 2003), de modificación do Código Penal, que entrou en vigor ao día seguinte da súa publicación

- **Artigos analizados por María Jesús Millán de las Heras e Pilar Alhambra Pérez.**

1.1.1.- *Artigo 502: competencia e proporcionalidade*

<i>Precepto da LECRIM anterior</i>	<i>Redacción que agora se inclúe na LECRIM</i>
Mentres a causa se atope en estado de sumario, só poderá decretar a prisión provisional o Xuíz de Instrución, ou o que forme as primeiras dilixencias, ou o que en virtude de comisión ou interinamente exerza as funcións daquel.	<ol style="list-style-type: none">1. Poderá decretar a prisión provisional o xuíz ou maxistrado instrutor, o xuíz que forme as primeiras dilixencias, así como o xuíz do penal ou tribunal que coñeza da causa.2. A prisión provisional só se adoptará cando obxectivamente sexa necesaria, de conformidade co establecido nos artigos seguintes, e cando non existan outras medidas menos gravosas para o dereito á liberdade a través das que poidan acadarse os mesmos fins que coa prisión provisional.3. O xuíz ou tribunal terá en conta para adoptar a prisión provisional a repercusión que esta medida poida ter no imputado, considerando as súas circunstancias e as do feito obxecto das actuacións, así como a entidade da pena que puidese ser imposta.4. Non se adoptará en ningún caso a prisión provisional cando das investigacións practicadas se infira racionalmente que o feito non é constitutivo de delito ou que o mesmo se cometeu concorrendo unha causa de xustificación.

	<u>FIN ARTIGO 502</u>
--	------------------------------

ASPECTOS A DESTACAR DA NOVA REGULACIÓN DO PRECEPTO

1. Regula o artigo 502 Lecrim dunha forma máis detallada e precisa consonte á nova estrutura orgánica do Poder Xudicial a competencia para acordar a prisión provisional dos imputados, acusados e condenados.

2. Establece ademais os criterios de idoneidade, necesidade e proporcionalidade en sentido estrito que teñen que rexer calquera medida limitativa ou restritiva de dereitos fundamentais que se acorde polo xuíz ou tribunal competente.

3. En calquera caso, queda proscrita a prisión provisional cando o feito non sexa constitutivo de delito ou concorra unha causa de xustificación. É dicir, só se pode acordar a prisión provisional cando das investigacións se deduza que se cometeu un feito típico, é dicir, regulado como delito no Código Penal, e antixurídico.

1.1.2.- Artigo 503: requisitos

<i>Precepto da LECRIM anterior</i>	<i>Redacción que agora se inclúe na LECRIM</i>
<p>Para decretar a prisión provisional serán necesarias as circunstancias seguintes:</p> <p>1ª Que conste na causa a existencia dun feito que presente os caracteres de delito.</p> <p>2ª Que este teña sinalada pena superior á prisión menor, ou ben que, mesmo cando teña sinalada pena de prisión menor ou inferior, considere o Xuíz necesaria a prisión provisional, atendidos os antecedentes do imputado, as circunstancias do feito, a alarma social que a súa comisión producise ou a frecuencia coa que se cometan feitos análogos. Cando o Xuíz teña decretado a prisión provisional en caso de delito que teña prevista pena inferior á de prisión maior, poderá, segundo o seu criterio, deixala sen efecto, se as circunstancias tidas en conta tivesen variado, acordando a liberdade do inculpado con ou sen fianza.</p> <p>3ª Que aparezan na causa motivos bastantes para crer responsable criminalmente do delito á persoa contra a que se teña que ditar o auto de prisión.</p>	<p>1. A prisión provisional só poderá ser decretada cando concorran os seguintes requisitos:</p> <p>1º Que conste na causa a existencia dun o varios feitos que presenten caracteres de delito sancionado con pena cuxo máximo sexa igual ou superior a dous anos de prisión, ou ben con pena privativa de liberdade de duración inferior se o imputado tivese antecedentes penais non cancelados nin susceptibles de cancelación, derivados de condena por delito doloso.</p> <p>Se fosen varios os feitos imputados estarase ao previsto nas regras especiais para a aplicación das penas, consonte ao disposto na sección 2ª do capítulo II do título III do libro I do Código Penal</p> <p>2º Que aparezan na causa motivos bastantes para crer responsable criminalmente do delito á persoa contra a que se teña que ditar o auto de prisión.</p> <p>3º Que mediante a prisión provisional se persiga algún dos seguintes fins:</p> <p>a) Asegurar a presenza do imputado no proceso cando poida inferirse racionalmente un risco de fuga.</p>

	<p>Para valorar a existencia deste perigo atenderase conxuntamente á natureza do feito, á gravidade da pena que puidese impoñerse ao imputado, á situación familiar, laboral e económica deste, así como á inminencia da celebración do xuízo oral, en particular naqueles supostos nos que procede incoar o procedemento para o axuizamento rápido regulado no título III do libro IV desta lei.</p> <p>Procederá acordar por esta causa a prisión provisional da persoa imputada cando, á vista dos antecedentes penais que resulten das actuacións, fosen ditadas polo menos dúas requisitorias para o seu chamamento e procura por calquera órgano xudicial nos dous anos anteriores.</p> <p>Nestes supostos non será aplicable o límite que respecto da pena establece o ordinal 1º deste apartado.</p> <p>b) Evitar a ocultación, alteración ou destrución das fontes de proba relevantes para o axuizamento nos casos nos que exista un perigo fundado e concreto.</p> <p>Non procederá acordar a prisión provisional por esta causa cando pretenda inferirse o devandito perigo unicamente do exercicio do dereito de defensa ou de falta de colaboración do imputado no curso da investigación.</p> <p>Para valorar a existencia deste perigo atenderase á capacidade do imputado para acceder por si mesmo ou a través de terceiros ás fontes de proba ou para influír sobre outros imputados, testemuñas ou peritos ou os que puidesen selo.</p> <p>c) Evitar que o imputado poida actuar contra bens xurídicos da vítima, especialmente cando esta sexa algunha das persoas ás que se refire o artigo 173.2 CP. Nestes casos, non será aplicable o límite que respecto da pena establece o ordinal 1º deste apartado.</p> <p>2. Tamén poderá acordarse a prisión provisional, concorrendo os requisitos establecidos nos ordinais 1º e 2º do apartado anterior, para evitar o risco de que o imputado cometa outros feitos delituosos.</p> <p>Para valorar a existencia deste risco atenderase ás circunstancias do feito, así como á gravidade dos delitos que se puidesen cometer.</p> <p>Só poderá acordarse a prisión provisional por esta causa cando o feito delituoso imputado sexa doloso. Non obstante, o límite previsto no ordinal 1º do apartado anterior será aplicable cando dos antecedentes do imputado e demais datos ou circunstancias que aporte a Policía Xudicial ou resulten das actuacións, poida racionalmente inferirse que o imputado vén actuando concertadamente con outra ou outras persoas de forma organizada para a comisión de feitos delituosos ou realiza</p>
--	--

	<p>as súas actividades delituosas con habitualidade.</p> <p><u>FIN ARTIGO 503</u></p>
--	--

ASPECTOS A DESTACAR DA NOVA REGULACIÓN DO PRECEPTO

1. Recóllense neste artigo os requisitos que son necesarios para acordar a prisión provisional.

2. Os dous primeiros requisitos xa estaban recollidos na anterior redacción. É dicir, que os feitos revistan caracteres de delito que teñan sinalada pena cuxo máximo sexa igual ou superior a dous anos de prisión, ou ben que sexa inferior se o imputado tivese antecedentes penais non cancelados nin susceptibles de cancelación, derivados dunha condena por delito doloso e que aparezan na causa motivos bastantes para crer a unha persoa responsable criminalmente do delito. É dicir, que aparezan na causa indicios bastantes para considerar que un feito é constitutivo de delito que teña sinalada no Código Penal unha pena igual ou superior a dous anos de prisión e que se atribúa ese feito a unha persoa determinada contra a que se acordará a medida preventiva privativa de liberdade.

3. Tómanse en consideración os delitos dolosos e cando se trate de varios feitos terase en conta para establecer o límite máximo da pena en abstracto as regras establecidas no Código Penal.

4. O terceiro apartado é o que contén unha regulación nova respecto á anterior. É dicir, fixa os fins que ten que perseguir a prisión provisional e estes son: asegurar a presenza do imputado no xuízo cando se infira un risco de fuga, evitar a ocultación, destrución ou alteración de probas e evitar que o imputado poida actuar contra bens xurídicos da vítima, especialmente se esta o é por violencia doméstica. Existe, por tanto, unha especial referencia ás persoas protexidas no artigo 173.2 CP e á violencia exercida contra elas, podendo acordarse a medida sen necesidade de que concorran o límite da pena máxima sinalada para o delito de dous anos de prisión.

5. Tamén se poderá acordar a prisión provisional sen que concorran ningún dos fins antes expresados para evitar o risco de que o imputado cometa outros feitos delituosos.

1.1.3.- Artigo 504: tempo de duración

<i>Precepto da LECRIM anterior</i>	<i>Redacción que agora se inclúe na LECRIM</i>
<p>Procederá tamén a prisión provisional cando concorran a primeira e a terceira circunstancia do artigo anterior e o inculpado non tivese comparecido, sen motivo lexítimo, ao primeiro chamamento do Xuíz ou Tribunal, ou cada vez que este o considere necesario.</p> <p>Malia o disposto no artigo anterior, aínda que o delito teña sinalada pena superior á prisión menor, cando o inculpado careza de antecedentes penais ou estes deban considerarse cancelados ou se poida crer fundamentamente que non tratará de subtraerse á acción da xustiza e, ademais, o delito non producise alarma nin sexa dos que se cometen con frecuencia no territorio onde o Xuíz ou tribunal que coñecese da causa exerce a súa xurisdición, poderán estes acordar, mediante fianza, a liberdade do inculpado.</p> <p>O inculpado retido en prisión provisional ten dereito a que o seu caso sexa atendido de forma prioritaria e con especial dilixencia. O Xuíz ou Tribunal que coñeza da causa e o Ministerio Fiscal, cada un dentro das súas funcións, coidarán baixo a súa responsabilidade de que a prisión provisional non se prolongue máis alá do necesario.</p> <p>A situación de prisión provisional non durará máis de tres meses cando se trate de causa por delito ao que corresponda pena de arresto maior, nin máis dun ano cando a pena sexa de prisión menor, ou de dous anos cando a pena sexa superior. Nestes dous últimos dous casos, concorrendo circunstancias que fagan prever que a causa non poderá ser xulgada nestes prazos e que o inculpado puidese subtraerse á acción da xustiza, a prisión poderá prolongarse ata dous e catro anos, respectivamente. A prolongación da prisión provisional acordárase mediante auto, con audiencia do inculpado e do Ministerio Fiscal.</p> <p>Unha vez condenado o inculpado, a prisión provisional poderá prolongarse ata o límite da metade da pena imposta na sentenza cando esta fose recorrida.</p> <p>Non se terá en conta para o cómputo dos prazos establecidos neste artigo, o tempo en que a causa sufrise dilacións non imputables á Administración de Xustiza.</p> <p>Concedida a liberdade por transcurso dos prazos máximos previstos para a prisión provisional, será tamén de aplicación o disposto no parágrafo primeiro deste artigo.</p>	<p>1. A prisión provisional durará o tempo imprescindible para acadar calquera dos fins previstos no artigo anterior e en tanto subsistan os motivos que xustificaron a súa adopción.</p> <p>2. Cando a prisión provisional se decretase en virtude do previsto no parágrafo a) ou c) do apartado 1.3º ou no apartado 2 do artigo anterior, a súa duración non poderá exceder dun ano se o delito tivese sinalada pena privativa de liberdade igual ou inferior a tres anos, ou de dous anos se a pena privativa de liberdade sinalada para o delito fose superior a tres anos. Non obstante, cando concorresen circunstancias que fixesen prever que a causa non poderá ser xulgada naqueles prazos, o xuíz ou tribunal poderá, nos termos previstos no artigo 505, acordar mediante auto unha soa prórroga de ata dous anos, se o delito tivese sinalada pena privativa de liberdade superior a tres anos, ou de ata seis meses, se o delito tivese sinalada pena igual ou inferior a tres anos.</p> <p>Se fose condenado o imputado, a prisión provisional poderá prorrogarse ata o límite da metade da pena efectivamente imposta na sentenza, cando esta fose recorrida.</p> <p>3. Cando a prisión provisional se acordase en virtude do previsto no apartado 1.3º. b) do artigo anterior, a súa duración non poderá exceder de seis meses.</p> <p>No obstante, cando se decretase a prisión incomunicada ou o secreto do sumario, se antes do prazo establecido no parágrafo anterior se levantase a incomunicación ou o secreto, o xuíz ou tribunal terá que motivar a subsistencia do presuposto da prisión provisional.</p> <p>4. A concesión da liberdade polo transcurso dos prazos máximos para a prisión provisional non impedirá que esta se acorde no caso de que o imputado, sen motivo lexítimo, deixase de comparecer a calquera chamamento do xuíz ou tribunal.</p> <p>5. Para o cómputo dos prazos establecidos neste artigo terase en conta o tempo que o imputado tivese estado detido ou sometido a prisión provisional pola mesma causa.</p> <p>Excluirase, sen embargo, daquel cómputo o tempo en que a causa sufrise dilacións non imputables á Administración de Xustiza.</p> <p>6. Cando a medida de prisión provisional acordada exceda da terceira parte</p>

	<p>da súa duración máxima, o xuíz ou tribunal que coñeza da causa e o ministerio fiscal comunicarán respectivamente esta circunstancia ao presidente da sala de goberno e ao fiscal-xefe do tribunal correspondente, coa finalidade de que se adopten as medidas precisas para imprimir ás actuacións a máxima celeridade. A estes efectos, a tramitación do procedemento gozará de preferencia respecto de todos os demais. <i>(Parágrafo engadido pola LO 15/2003)</i></p> <p style="text-align: center;"><u>FIN ARTIGO 504</u></p>
--	--

ASPECTOS A DESTACAR DA NOVA REGULACIÓN DO PRECEPTO

1. O artigo 504 Lecrim recolle, como xa fixera o anterior artigo, o prazo da prisión provisional, establecendo unha cláusula xeral no primeiro parágrafo facendo referencia aos fins, de tal xeito que mentres subsistan os fins e os motivos que deron lugar a adoptar tal medida, terá que subsistir a mesma, aínda que o lexislador a continuación establece uns límites temporais.

2. Estes límites temporais son:

- Se a prisión provisional acordouse para asegurar a presenza do imputado no proceso ou para evitar o risco de que o imputado cometa outros feitos delituosos ou atente contra bens xurídicos da vítima –sendo aquí onde teñen que incluírse os supostos de malos tratos–, a súa duración non poderá exceder dun ano se o delito tivese sinalada pena privativa de liberdade igual ou inferior a tres anos ou de dous anos se a pena privativa de liberdade sinalada para o delito fose superior a tres anos.
- A prórroga da prisión provisional, cando non se poida xulgar a causa nos prazos previstos de forma ordinaria, establécese mediante comparecencia e petición das partes acusadoras e polo prazo de ata dous anos se o delito tivese sinalada pena privativa de liberdade superior a tres anos e polo prazo de ata seis meses se o delito tivese sinalada pena igual ou inferior.
- Se se ditase sentenza condenatoria que fose recorrida poderá prorrogarse ata o límite da pena efectivamente imposta.

Guía Práctica contra a Violencia Doméstica e de Xénero

- Se a prisión provisional se acordou para evitar a ocultación, destrución ou alteración de probas, a súa duración non poderá exceder de seis meses.
- Para o cómputo dos prazos terase en conta o tempo que o imputado tivese estado detido ou sometido a prisión provisional pola mesma causa e non se computará o prazo ou os prazos nos que a causa sufrise dilacións non imputables á Administración de Xustiza.
- Cando se decrete a prisión provisional incomunicada ou o secreto do sumario, ao levantar aquel ou levantar a incomunicación do preso motivarase a subsistencia dos fins que deron lugar a acordar aquela medida e, como veremos ao tratar dos recursos, será recorrible este auto.

Cando se concedese a liberdade polo transcurso dos prazos máximos para a prisión provisional, poderase acordar de novo no caso de que o imputado deixase de comparecer cando fose citado, sen motivo lexítimo.

1.1.4.-Artigo 505: procedemento e comparecencia

<i>Precepto da LECRIM anterior</i>	<i>Redacción que agora se inclúe na LECRIM</i>
<p><i>Artigo 504 bis 2</i></p> <p>Dende que o detido é posto a disposición do Xuíz de Instrución ou tribunal que deba coñecer da causa, este, salvo que decrete a súa liberdade provisional sen fianza, convocará a audiencia, dentro das setenta e dúas horas seguintes, ao Ministerio Fiscal, demais partes comparecentes e ao imputado, que deberá estar asistido de Letrado por el elixido ou designado de oficio. O Ministerio Fiscal e o imputado, asistido do seu letrado, terán obrigación de comparecer.</p> <p>Na devandita audiencia poderán propoñer os medios de proba que poden practicarse no acto ou dentro das vinte e catro horas seguintes, sen exceder en ningún caso as setenta e dúas horas antes indicadas.</p> <p>Se nesta audiencia algunha parte o interesase, oídas as alegacións de todas as que concorresen, o Xuíz resolverá sobre a procedencia ou non da prisión ou liberdade provisionais. Se ningunha das partes o instase, o Xuíz necesariamente acordará a cesación da detención e inmediata posta en liberdade do imputado.</p> <p>Se por calquera razón a comparecencia non puidese celebrarse, o Xuíz acordará a prisión ou liberdade provisional, se concorresen os presupostos e estimase risco de fuga; pero deberá convocala novamente dentro das setenta e dúas horas, adoptando as medidas disciplinarias ás que</p>	<p>1. Cando o detido fose posto a disposición do xuíz de instrución ou tribunal que deba coñecer da causa, este, salvo que decretase a súa liberdade provisional sen fianza, convocará a unha audiencia na que o Ministerio Fiscal ou as partes acusadoras poderán interesarse que se decrete a prisión provisional do imputado ou a súa liberdade provisional con fianza. Nos supostos do procedemento regulado no título III do libro IV desta lei, este trámite instruírase con arranxo ao establecido no artigo 798, salvo que a audiencia se celebre con anterioridade.</p> <p>2. A audiencia prevista no apartado anterior deberá celebrarse no prazo máis breve posible dentro das 72 horas seguintes á posta do detido a disposición xudicial e a ela citarase ao imputado, que deberá estar asistido de letrado por el elixido ou designado de oficio, ao Ministerio Fiscal e ás demais partes comparecentes. A audiencia terá que celebrarse tamén para solicitar e decretar, no seu caso, a prisión provisional do imputado non detido ou a súa liberdade provisional con fianza.</p> <p>3. Na devandita audiencia, se o Ministerio Fiscal ou algunha parte acusadora solicitase que se decrete a prisión provisional do imputado ou a súa liberdade provisional con fianza, poderán os que concorresen realizar alegacións e propoñer os medios de proba que</p>

<p>houbese lugar en relación coa causa de non celebración da comparecencia.</p> <p>Contra as resolucións que se diten sobre a procedencia ou non da liberdade provisional caberá recurso de apelación ante a Audiencia Provincial.</p>	<p>poidan practicarse no acto ou dentro das 72 horas antes indicadas no apartado anterior.</p> <p>4. O xuíz ou tribunal decidirá sobre a procedencia ou non da prisión ou da imposición da fianza. Se ningunha das partes as instase, acordará necesariamente a inmediata posta en liberdade do imputado que estivese detido.</p> <p>5. Se por calquera razón a audiencia non puidese celebrarse, o xuíz ou tribunal poderá acordar a prisión provisional, se concorresen os presupostos do artigo 503, ou a liberdade provisional con fianza.</p> <p>No obstante, dentro das seguintes 72 horas, o xuíz ou tribunal convocará unha nova audiencia, adoptando as medidas ás que houbese lugar pola falta de celebración da primeira audiencia.</p> <p>6. Cando o detido fose posto a disposición de xuíz distinto do xuíz ou tribunal que coñecese ou tivese que coñecer da causa, e o detido non puidese ser posto a disposición deste último no prazo de 72 horas, procederá o primeiro de acordo co previsto nos apartados anteriores.</p> <p>Non obstante, unha vez que o xuíz ou tribunal da causa reciba as dilixencias, oír á ao imputado, asistido do seu avogado, tan pronto como lle fose posible e ditará a resolución que proceda.</p> <p style="text-align: center;"><u>FIN ARTIGO 505</u></p>
--	--

ASPECTOS A DESTACAR DA NOVA REGULACIÓN DO PRECEPTO

1. Este artigo regula a antiga comparecencia do artigo 504 bis 2 Lecrim, necesaria para acordar a prisión provisional do imputado e que introduciu na nosa lexislación a lei de 1995. A súa regulación é máis detallada, sobre todo á hora de recoller supostos nos que se dubidaba se convocar a comparecencia ou non –nos casos de liberdade provisional con fianza- ou aqueles casos nos que non se podía practicar a comparecencia polo Xuíz que acordou a prisión provisional porque non foi posto á súa disposición.

2. O Xuíz recibe ao detido e, salvo que acorde a liberdade provisional sen fianza, deberá convocar ás partes a unha comparecencia debendo asistir o detido co seu letrado, o Ministerio Fiscal e as demais partes comparecentes.

3. A devandita comparecencia practicarase no prazo de 72 horas e neste prazo as partes poderán solicitar a práctica das probas que estimen oportunas para acreditar os seus pedimentos. Aínda que o parágrafo terceiro do devandito artigo establece que se o Ministerio Fiscal ou calquera parte acusadora solicitasen a prisión provisional do imputado ou a súa liberdade provisional con fianza, poderán os que concorren formular alegacións ou propoñer os medios de proba que estimen oportunos a practicar no prazo de setenta e dúas horas. Dá a sensación de que o Ministerio Fiscal ou a parte acusadora que solicitou a prisión provisional ou a liberdade provisional con fianza xa non poden solicitar a práctica de probas porque se supón que xa as aportaron antes ao solicitar a medida preventiva. Sen embargo, isto non é admisible posto que se rompe o principio de contradición que ten que rexer todas estas comparecencias ou mini-procesos necesarios para acordar ou denegar unha medida preventiva da transcendencia da prisión provisional ou a liberdade con fianza, e mesmo para acordar a contía desta.

3. Establece que a audiencia tamén se convocará polo Xuíz para acordar a prisión provisional ou a liberdade provisional con fianza do imputado en liberdade, é dicir, cando un imputado non compareza aos chamamentos xudiciais e a orden de citación se converta en orde de detención, consonte ao artigo 487 Lecrim, o Xuíz terá que convocar a comparecencia ou as partes solicitala.

4. O parágrafo establece que se ningunha das partes solicita a prisión provisional ou a imposición dunha fianza o Xuíz necesariamente terá que acordar a liberdade provisional sen fianza do imputado, é dicir, o Xuíz cando considere que pode acordar a prisión provisional ou a liberdade provisional con fianza dun imputado, porque estime que concorren algún dos requisitos ou fins antes expostos, convocará a comparecencia e se despois ninguén solicita ningunha destas medidas preventivas acordará a liberdade.

5. Se non se pode celebrar a comparecencia no prazo de 72 horas, o Xuíz acordará, se concorren os presupostos e fins antes expostos, a prisión provisional ou a liberdade provisional con fianza do imputado, e convocará novamente á comparecencia de prisión para o prazo de 72 horas.

6. O parágrafo sexto é o que recolle os supostos nos que o detido fose posto a disposición de Xuíz distinto a aquel que coñecese da causa e non puidese ser posto a disposición deste Xuíz no prazo de 72 horas para que se celebre a comparecencia de prisión. Para estes casos a lei arbitra unha solución facendo recaer a obriga de convocar ás partes á comparecencia e decidir sobre a medida preventiva a acordar ou a súa

desestimación se considera que non concorren os presupostos antes expostos, sobre o Xuíz que recibe ao detido, debendo poñelo a disposición inmediatamente do Xuíz que coñece da causa, que, tan pronto como lle sexa posible –e en todo caso nun prazo non superior ás 72 horas dende que reciba ao detido- o oirá asistido do seu avogado e ditará a resolución que estime oportuna.

1.1.5.- Artigo 506: auto de prisión

<i>Precepto da LECRIM anterior</i>	<i>Redacción que agora se inclúe na LECRIM</i>
	<p>1. As resolucións que se diten sobre a situación persoal do imputado adoptarán a forma de auto. O auto que acorde a prisión provisional ou dispoña a súa prolongación expresará os motivos polos que a medida se considera necesaria e proporcionada respecto dos fins que xustifican a súa adopción.</p> <p>2. Se a causa fose declarada secreta, no auto de prisión expresaranse os particulares do mesmo que, para preservar a finalidade do secreto, teñan que ser omitidos da copia que se teña que notificar. En ningún caso se omitirá na notificación unha sucinta descrición do feito imputado e de que fins previstos no artigo 503 se pretenden conseguir coa prisión.</p> <p>Cando se alce o secreto do sumario, notificarase de inmediato o auto íntegro ao imputado.</p> <p>3. Os autos relativos á situación persoal do imputado poranse en coñecemento dos directamente ofendidos e prexudicados polo delito cuxa seguridade puidese verse afectada pola resolución.</p> <p style="text-align: right;"><u>FIN ARTIGO 506</u></p>

ASPECTOS A DESTACAR DA NOVA REGULACIÓN DO PRECEPTO

1. Loxicamente todas as resolucións que afecten á situación persoal do imputado adoptarán a forma de auto e nunca de providencia e se tramitará en peza separada.

2. O devandito auto ten que ser motivado como esixe o artigo 120 CE para as sentencias e loxicamente para os autos, sobre todo os que limitan dereitos fundamentais.

3. No caso de secreto das actuacións omitiranse no auto aqueles particulares cuxo

coñecemento polo imputado puidese poñer en perigo a finalidade do secreto. Pero incluírase unha sucinta descrición do feito imputado e os fines que se perseguen coa medida preventiva. Cando se alce o secreto notificarase o auto íntegro, que será recorrible.

4. Para protexer os dereitos das vítimas, prexudicadas ou ofendidos polo delito, así como a súa seguridade, notificaránselles todas as resolucións que afecten á situación persoal do imputado.

1.1.6.- Artigo 507: recursos

<i>Preceptos da LECRIM anterior</i>	<i>Redacción que agora se inclúe na LECRIM</i>
<p><i>Artigo 504</i></p> <p>Contra os autos que decreten a prisión provisional ou os que dispoñan a súa prolongación ou liberdade provisional poderán exercitarse os recursos de reforma e apelación.</p> <p><i>Artigo 504 bis 2 último parágrafo</i></p> <p>Contra as resolucións que se diten sobre a procedencia ou non da liberdade provisional caberá recurso de apelación ante a Audiencia Provincial.</p> <p><i>Artigo 518</i></p> <p>Os autos nos que se decrete ou denegue a prisión ou excarceración serán apelables só no efecto devolutivo</p>	<p>1. Contra os autos que decreten, prorroguen ou deneguen a prisión provisional ou acorden a liberdade de imputado poderá exercitarse o recurso de apelación nos termos previstos no artigo 766, que gozará de tramitación preferente. O recurso contra o auto de prisión deberá resolverse nun prazo máximo de 30 días.</p> <p>2. Cando en virtude do disposto no apartado 2 do artigo anterior non se notificase integramente o auto de prisión ao imputado, este tamén poderá recorrer o auto íntegro cando lle sexa notificado, de conformidade co disposto no apartado anterior.</p> <p style="text-align: center;"><u>FIN ARTIGO 507</u></p>

ASPECTOS A DESTACAR DA NOVA REGULACIÓN DO PRECEPTO

1. Contra os autos que decreten, prorroguen ou deneguen a prisión provisional ou acorden a liberdade provisional do imputado, poderase interpoñer recurso de reforma e subsidiario de apelación ou directamente recorrer en apelación, tramitándose ambos os dous recursos de acordo co artigo 766 Lecrim, pero terán que resolverse nun prazo máximo de 30 días. O recurso de apelación será admitido nun só efecto.

2. Cando se decretase o secreto das actuacións e non se notificase o auto íntegro, cando se levante o secreto, o imputado poderá recorrer o auto na súa totalidade consonte ao artigo 766 Lecrim.

1.1.7.- Artigo 508: arresto domiciliario ou noutro centro

<i>Precepto da LECRIM anterior</i>	<i>Redacción que agora se inclúe na LECRIM</i>
<p><i>Artigo 505 segundo parágrafo.</i> Los Xuíces poderán acordar a prisión atenuada cando por razón de enfermidade do inculpado o internamento entrañe grave perigo para a súa saúde</p>	<p>1. El xuíz o tribunal poderá acordar que a medida de prisión provisional del imputado se verifique no seu domicilio, coas medidas de vixilancia que resulten necesarias, cando por razón de enfermidade o internamento entrañe grave perigo para a súa saúde. O xuíz ou tribunal poderá autorizar que o imputado saia do seu domicilio durante as horas necesarias para o tratamento da súa enfermidade, sempre coa vixilancia precisa.</p> <p>2. Nos casos nos que o imputado se atopase sometido a tratamento de desintoxicación ou deshabitación a substancias estupefacientes e o ingreso en prisión puidese frustrar o resultado do devandito tratamento, a medida de prisión provisional poderá ser substituída polo ingreso nun centro oficial ou dunha organización legalmente recoñecida para continuación do tratamento, sempre que os feitos obxecto do procedemento sexan anteriores ao seu inicio. Neste caso o imputado non poderá saír do centro sen a autorización do xuíz ou tribunal que acordase a medida. <i>(Redacción dada pola LO 15/2003).</i></p> <p style="text-align: center;"><u>FIN ARTIGO 508</u></p>

ASPECTOS A DESTACAR DA NOVA REGULACIÓN DO PRECEPTO

1. Regúlase o arresto domiciliario do imputado como medida substitutiva da prisión provisional nos casos nos que por razón de enfermidade o ingreso en prisión entrañe grave risco para a saúde.

2. Engadiuse un segundo parágrafo en virtude da LO 15/2003 referida ao tratamento de desintoxicación ou deshabitación de drogodependentes en centros autorizados para isto.

1.1.8.- Artigos 509 e 510: incomunicación de detidos e presos

<i>Preceptos da LECRIM anterior</i>	<i>Redacción que agora se inclúe na LECRIM</i>
<p><i>Artigo 506</i> A incomunicación dos detidos ou presos só poderá durar o tempo absolutamente preciso para evacuar as citas feitas nas indagatorias relativas ao delito que dese lugar ao procedemento, sen que por regra xeral deba durar máis de cinco días.</p> <p><i>Artigo 508</i> O Xuíz ou tribunal que coñeza da causa poderá, baixo a súa responsabilidade, mandar que volva a quedar incomunicado o preso mesmo despois de ter sido posto en comunicación, se a causa ofrece méritos para isto; pero a segunda incomunicación non excederá nunca de tres días, salvo o disposto no artigo precedente.</p> <p>Instruirase ao procesado da parte dispositiva do auto motivado no que se decrete a nova incomunicación.</p>	<p>1. O Xuíz de Instrución ou Tribunal poderá acordar excepcionalmente a detención ou prisión incomunicadas para evitar que se subtraian á acción da xustiza persoas supostamente implicadas nos feitos investigados, que estas poidan actuar contra bens xurídicos das vítimas, que se oculten, alteren ou destrúan probas relacionadas coa súa comisión, ou que se cometan novos feitos delituosos.</p> <p>2. A incomunicación durará o tempo estritamente necesario para practicar con urxencia dilixencias tendentes a evitar os perigos aos que se refire o apartado anterior. A incomunicación non poderá estenderse máis alá de cinco días. Nos casos nos que a prisión se acorde en causa por algún dos delitos aos que se refire o artigo 384 bis ou outros delitos cometidos concertadamente ou de forma organizada por dúas ou máis persoas, a incomunicación poderá prorrogarse por outro prazo non superior a cinco días. Non obstante, nestes mesmos casos, o xuíz ou tribunal que coñeza da causa poderá mandar que volva a quedar incomunicado o preso, mesmo despois de ter sido posto en comunicación, sempre que o desenvolvemento ulterior da investigación ou da causa ofrece méritos para isto.</p> <p>Esta segunda incomunicación non excederá en ningún caso de tres días.</p> <p>3. O auto no que sexa acordada a incomunicación ou, no seu caso, a súa prórroga deberá expresar os motivos polos que fose adoptada a medida. <i>(Redacción dada pola LO 15/2003).</i></p> <p style="text-align: right;"><u>FIN ARTIGO 509</u></p>

Preceptos da LECRIM anterior	Redacción que agora se inclúe na LECRIM
<p><i>Artigo 506 parágrafo segundo</i></p> <p>O incomunicado poderá asistir coas precaucións debidas ás dilixencias periciais nas que lle dea intervención esta Lei cando a súa presenza non poda desvirtuar o obxecto da incomunicación.</p> <p><i>Artigo 507</i></p> <p>Se as citas tivesen que evacuarse fóra do territorio da Península, ou a longa distancia, a incomunicación poderá durar o tempo prudencialmente preciso para evitar a confabulación.</p> <p><i>Artigo 509</i></p> <p>Permitiráselle ao preso incomunicado os libros e efectos que el proporcione se non ofrecen inconveniente a xuízo do Xuíz Instrutor.</p> <p><i>Artigo 510</i></p> <p>Tamén poderá o Xuíz instrutor permitir que se lle facilite ao incomunicado, se o pedise, recado de escribir cando, ao seu xuízo, non ofrezca inconveniente este permiso; pero na providencia na que o conceda, adoptará as medidas oportunas para evitar que se frustren os efectos da incomunicación.</p> <p><i>Artigo 511</i></p> <p>O preso incomunicado non poderá entregar nin recibir carta nin papel ningún, senón por conduto e con licenza do Xuíz instrutor, que se enterará do seu contido para darlles ou negarlles curso.</p>	<p>1. O incomunicado poderá asistir coas precaucións debidas ás dilixencias nas que lle dea intervención esta lei cando a súa presenza non poda desvirtuar o obxecto da incomunicación.</p> <p>2. Permitiráselle ao preso contar cos efectos que el proporcione sempre e cando a xuízo de xuíz ou tribunal non frustren os fines da incomunicación.</p> <p>3. O preso non poderá realizar nin recibir comunicación ningunha. Non obstante, o xuíz ou tribunal poderá autorizar as comunicacións que non frustren a finalidade da prisión incomunicada e adoptará, no seu caso, as medidas oportunas.</p> <p>4. O preso sometido a incomunicación que así o solicite terá dereito a ser recoñecido por un segundo médico forense designado polo xuíz ou tribunal competente para coñecer dos feitos. <i>(Este parágrafo foi redactado por LO 15/2003)</i></p> <p><u>FIN ARTIGO 510.</u></p>

ASPECTOS A DESTACAR DA NOVA REGULACIÓN DOS ARTIGOS 509 E

510

1. Estes dous artigos, o 509 e 510 Lecrim, foron obxecto de modificación pola LO 15/2003, e regulan a prisión provisional incomunicada, os seus requisitos, os seus prazos e os seus fins.

2. A regulación é máis acorde cos principios do ordenamento xurídico actual que a anterior, que quedara a todas luces obsoleta.

3. O prazo da prisión provisional incomunicada non poderá durar máis alá do tempo estritamente necesario para practicar as dilixencias con urxencia tendentes a evitar calquera dos fins xenéricos aos que antes fixemos referencia aos que ten que servir a prisión provisional e que o citado artigo 509.1 Lecrim volve a reiterar.

4. En calquera caso, non poderá durar máis de cinco días, salvo que esteamos en presenza dalgún dos delitos aos que se refire o artigo 384 bis ou se trate de delincuencia organizada, xa que a comunicación dos detidos ou presos pode afectar ao bo desenvolvemento da investigación. Neste caso a incomunicación poderá prorrogarse por un prazo doutros cinco días.

1.1.9.- Artigo 511: execución do auto de prisión e liberdade

<i>Precepto da LECRIM anterior</i>	<i>Redacción que agora se inclúe na LECRIM</i>
<p style="text-align: center;">Artigo 505</p> <p>Para levar a efecto o auto de prisión expediranse dous mandamentos: un cometido ao alguacil do Xulgado ou porteiro do Tribunal ou ao funcionario de Policía Xudicial que teña que executalo, e outro ao Director do establecemento que deba recibir ao preso.</p> <p>(...)</p> <p>No mandamento consignarase á letra o auto de prisión, o nome, apelidos, natureza, idade, estado e</p> <p>domicilio do procesado, se constasen; o delito que dea lugar ao procedemento; se se procede de oficio ou a instancia de parte, e se a prisión ten que ser con comunicación ou sen ela.</p> <p>Os Directores dos establecementos non recibirán a ningunha persoa en clase de preso sen que se lles entregue mandamento de prisión.</p>	<p>1. Para levar a efecto o auto de prisión expediranse dous mandamentos: un á Policía Xudicial ou axente xudicial, no seu caso, que teña que executalo, e outro ao director do establecemento que deba recibir ao preso.</p> <p>No mandamento consignarase os datos persoais que consten do imputado, o delito que dea lugar ao procedemento e se a prisión ten que ser con comunicación ou sen ela.</p> <p>2. Os directores dos establecementos non recibirán a ningunha persoa en condición de preso sen que se lles entregue mandamento de prisión.</p> <p>3. Unha vez ditado auto polo que se acorde a liberdade do preso, inmediatamente se expedirá mandamento ao director do establecemento.</p> <p style="text-align: center;"><u>FIN ARTIGO 511</u></p>

ASPECTOS A DESTACAR DA NOVA REGULACIÓN DO PRECEPTO

1. Este artigo regula a forma como se ten que levar a cabo a prisión provisional, e esta non é outra que a emisión de dous mandamentos, a saber, un dirixido ao axente

xudicial ou membro da Policía Xudicial encargado de trasladar materialmente ao preso ao centro penitenciario e outro dirixido ao Director deste para que acepte ao preso en calidade de tal, sendo así que non admitirá a ninguén que non vaia acompañado do mandamento de prisión onde se detallen os datos persoais completos do imputado, o delito e se a prisión ten que ser comunicada ou no. No caso de non constar este último requisito admitirase ao preso en calidade de prisión comunicada e porase en coñecemento do Xulgado para que aclaren este extremo. En calquera caso non se admitirá ningún preso se existise dúbida acerca da súa identidade ou os datos persoais non estivesen claros ou tivesen sufrido raspaduras ou borranchos.

2. Unha vez ditado o auto de liberdade, expedirase inmediatamente mandamento ao Director do centro penitenciario onde estivese ingresado para que sexa posto en liberdade inmediata.

1.1.10.- Artigo 529: liberdade provisional

<i>Precepto da LECRIM anterior</i>	<i>Redacción que agora se inclúe na LECRIM</i>
<p>Cando o procesado o fose por delito ao que estivese sinalada pena de prisión menor ou inferior, e non estivese, por outra parte, comprendido no número 3º do artigo 492 nin fose decretada a súa prisión provisional por aplicación do establecido nos artigos 503 e 504 desta Lei, o Xuíz ou Tribunal que coñecese da causa decretará se o procesado ten que dar ou non fianza para continuar en liberdade provisional.</p> <p>No mesmo auto, se o Xuíz decretase a fianza, fixará a calidade e cantidade da que tivese que prestar.</p> <p>Este auto porase en coñecemento do Ministerio Fiscal, e se notificará ao querelante particular e ao procesado, e será apelable nun só efecto.</p>	<p>Cando non se acordase a prisión provisional do imputado, o xuíz ou tribunal decretará, con arranxo ao previsto no artigo 505, se o imputado te que dar ou non fianza para continuar en liberdade provisional.</p> <p>No mesmo auto, se o xuíz ou tribunal decretase a fianza, fixará a calidade ou cantidade da que tivese que prestar.</p> <p>Este auto notificarase ao imputado, ao Ministerio Fiscal e ás demais partes comparecentes e será recorrible consonte ao previsto no artigo 507.</p> <p><u>FIN ARTIGO 529</u></p>

ASPECTOS A DESTACAR DA NOVA REGULACIÓN DO PRECEPTO

1. Para acordar a liberdade provisional con fianza do imputado é necesario convocar ás partes á comparecencia regulada no artigo 505 Lecrim.

2. No auto no que se decrete a fianza fixarase a cantidade e calidade daquela. Loxicamente as partes ao formular alegacións poderán facelas tamén en relación a este punto.

3. O auto no que se acorde a liberdade provisional con fianza notificarse a todas as partes e tamén aos que prexudique a devandita medida aínda que non fosen parte no proceso, é dicir, ás vítimas, para que poidan adoptar as medidas necesarias para a súa seguridade, consonte ao artigo 506.3 Lecrim.

4. Este auto será susceptible de recurso de reforma e subsidiario de apelación ou directamente de apelación, que terá que tramitarse conforme ao establecido no artigo 766 Lecrim e nun prazo non superior a 30 días.

1.1.11.- Artigo 530: obriga da persoa en liberdade provisional

<i>Precepto da LECRIM anterior</i>	<i>Redacción que agora se inclúe na LECRIM</i>
O procesado que tivese que estar en liberdade provisional, con ou sen fianza, constituirá <i>apud acta</i> obriga de comparecer nos días que lle fosen sinalados no auto respectivo, e ademais cantas veces fose chamado ante o Xuíz ou tribunal que coñeza da causa.	O imputado que tivese que estar en liberdade provisional, con ou sen fianza, constituirá <i>apud acta</i> obriga de comparecer nos días que lle fosen sinalados no auto respectivo, e ademais cantas veces fose chamado ante o xuíz ou tribunal que coñeza da causa. Para garantir o cumprimento desta obriga, o xuíz ou tribunal poderá acordar motivadamente a retención do seu pasaporte. <u>FIN ARTIGO 530</u>

ASPECTOS A DESTACAR DA NOVA REGULACIÓN DO PRECEPTO

1. Recóllese a obriga *apud acta* da persoa que se atopa en liberdade provisional, con ou sen fianza, que xa viña regulada na lexislación anterior.

2. Como novidade inclúese a retención do pasaporte para asegurar o cumprimento da devandita obriga.

1.1.12.- Artigo 539 (parágrafos 3º e 4º): Agravación das condicións do imputado

<i>Precepto da LECRIM anterior</i>	<i>Redacción que agora se inclúe na LECRIM</i>
Non obstante, se a xuízo do Xuíz ou Tribunal concorrese risco de fuga, procederá a	Para acordar a prisión ou a liberdade

<p>ditar auto de reforma da medida preventiva, ou mesmo de prisión, se o imputado se encontrase en liberdade, pero debendo convocar, para dentro das setenta e dúas horas seguintes, a indicada comparecencia.</p> <p>Sempre que o Xuíz ou Tribunal entenda que procede a liberdade ou a modificación da liberdade provisional en termos máis favorables ao sometido á medida, poderá acordala, en calquera momento, de oficio, sen someterse á petición de parte.</p>	<p>provisional con fianza de quen estivese en liberdade ou agravar as condicións da liberdade provisional xa acordada substituíndoa pola prisión ou liberdade provisional con fianza, requirirase solicitude do Ministerio Fiscal o dalgunha parte acusadora, resolvéndose previa celebración da comparecencia á que se refire o artigo 505.</p> <p>Non obstante, se a xuízo do xuíz ou tribunal concorresen os presupostos do artigo 503, procederá a</p> <p>ditar auto de reforma da medida, ou mesmo de prisión, se o imputado se encontrase en liberdade, pero debendo convocar, para dentro das 72 horas seguintes, á indicada comparecencia.</p> <p style="text-align: center;"><u>FIN ARTIGO 539, 3º e 4º</u></p>
--	--

ASPECTOS A DESTACAR DA NOVA REGULACIÓN DO PRECEPTO

1. Para agravar as condicións dunha persoa en liberdade provisional é necesaria solicitude do Ministerio Fiscal ou de calquera das partes acusadoras.

2. Se, non obstante, o Xuíz ou Tribunal considera que concorren calquera dos presupostos aos que fai referencia o artigo 503 Lecrim acordará a devandita agravación, e incluso, a prisión provisional, e convocará á comparecencia á que fai referencia o artigo 505 Lecrim no prazo de 72 horas.

1.1.13.- Artigo 544 bis (último parágrafo): incumprimento de medida preventiva

<i>Precepto da LECRIM anterior</i>	<i>Redacción que agora se inclúe na LECRIM</i>
<p>O incumprimento por parte do inculpado da medida acordada polo Xuíz ou Tribunal poderá dar lugar, tendo en conta a incidencia do incumprimento, os seus motivos, a gravidade e as súas circunstancias, á adopción de novas medidas preventivas que impliquen unha maior limitación da súa liberdade persoal, sen prexuízo das responsabilidades que do incumprimento puidesen resultar.</p>	<p>En caso de incumprimento por parte do inculpado da medida acordada polo xuíz ou tribunal, este convocará a comparecencia regulada no artigo 505 para a adopción da prisión provisional nos termos do artigo 503, da orde de protección prevista no artigo 544 ter ou doutra medida preventiva que implique unha maior limitación da súa liberdade persoal, para o que se terán en conta a incidencia do incumprimento, os seus motivos, gravidade e circunstancias, sen prexuízo das responsabilidades que do incumprimento puidesen resultar. (Redactado conforme á LO 15/2003).</p>

ASPECTOS A DESTACAR DA NOVA REGULACIÓN DO PRECEPTO

1. Cando se incumpran as medidas de afastamento ou de non comunicación coa vítima ou de non acudir a determinados lugares, convocarase polo Xuíz a comparecencia do artigo 505 Lecrim para acordar a prisión provisional do imputado ou unha agravación da súa situación persoal ou acordar a orde de protección á vítima coas súas consecuencias na orde penal, civil e social que leve

consigo.

2. Este artigo foi obxecto dunha segunda reforma pola LO 15/2003 para resaltar máis os aspectos relativos á protección da vítima nos supostos de malos tratos domésticos e, sobre todo, de violencia contra as mulleres, de tal xeito que en calquera caso de incumprimento dunha medida preventiva das previstas no artigo 544 bis Lecrim convocarase polo Xuíz ou Tribunal a comparecencia do artigo 505 Lecrim, acordando a detención do imputado se fose necesario, e citará ás partes podendo solicitar estas unha agravación da súa situación de liberdade provisional ou, incluso, a prisión provisional, e o Xuíz acordar o que estime procedente de forma motivada, argumentando sobre todo en relación ao perigo que pode existir para outros bens xurídicos da vítima, incluída a vida.

1.2.- OS XUÍZOS RÁPIDOS POR DELITO OU FALTA NO ÁMBITO DA VIOLENCIA DOMÉSTICA

- Preceptos afectados:
 - **Artigos 795, 796, 797, 798, 801, 962, 965 e 966 LECRIM**
- Modificacións realizadas polas seguintes Leis:
 - **Lei Orgánica 15/2003, de 25 de novembro**, (BOE 26 de novembro de 2003), de modificación do Código Penal, que entrou en vigor ao día seguinte da súa publicación
- **Artigos analizados por Isabel Tena Franco**

1.2.1.- Artigo 795: ámbito de aplicación

<i>Precepto da LECRIM que se derroga</i>	<i>Redacción que agora se inclúe na LECRIM</i>
<p>1. Sen prexuízo do establecido para os demais procesos especiais, o procedemento regulado neste Título aplicarase á instrución e ao axuizamento de delitos castigados con pena privativa de liberdade que non exceda de cinco anos, ou con calquera outra pena, ben sexa única, conxunta ou alternativa, cuxa duración non exceda de dez anos, calquera que sexa a súa contía, sempre que o proceso penal se incoe en virtude dun atestado policial e que a Policía Xudicial detivese a unha persoa e a puxese a disposición do Xulgado de garda ou que, mesmo sen detela, a citase para comparecer ante o Xulgado de garda por ter a calidade de denunciado no atestado policial e, ademais, concorran calquera das circunstancias seguintes:</p> <p>1ª Que se trate de delitos flagrantes. A estes efectos, considerarase delito flagrante o que se estivese cometendo ou se acabase de cometer cando o delincente sexa sorprendido no acto. Entenderase sorprendido no acto non só ao delincente que fose detido no momento de estar cometendo o delito, senón tamén ao detido ou perseguido inmediatamente despois de cometelo, se a persecución durase ou non se suspendese mentres o delincente non se poña fóra do inmediato alcance dos que o perseguen. Tamén se considerará delincente <i>in fraganti</i> aquel a quen se sorprendese inmediatamente despois de cometido un delito con efectos, instrumentos ou vestixios que permitan presumir a súa participación nel.</p> <p>2ª Que se trate dalgún dos seguintes delitos:</p> <p>a) <i>Delitos de lesións, coaccións, ameazas ou violencia física ou psíquica habitual, cometidos contra as persoas ás que se refire o artigo 153 do Código Penal.</i></p>	<p>“1. Sen prexuízo do establecido para os demais procesos especiais, o procedemento regulado neste Título aplicarase á instrución e ao axuizamento de delitos castigados con pena privativa de liberdade que non exceda de cinco anos, ou con calquera outra pena, ben sexa única, conxunta ou alternativa, cuxa duración non exceda de dez anos, calquera que sexa a súa contía, sempre que o proceso penal se incoe en virtude dun atestado policial e que a Policía Xudicial detivese a unha persoa e a puxese a disposición do Xulgado de garda ou que, mesmo sen detela, a citase para comparecer ante o Xulgado de garda por ter a calidade de denunciado no atestado policial e, ademais, concorran calquera das circunstancias seguintes:</p> <p>1ª Que se trate de delitos flagrantes. A estes efectos, considerarase delito flagrante o que se estivese cometendo ou se acabase de cometer cando o delincente sexa sorprendido no acto. Entenderase sorprendido no acto non só ao delincente que fose detido no momento de estar cometendo o delito, senón tamén ao detido ou perseguido inmediatamente despois de cometelo, se a persecución durase ou non se suspendese mentres o delincente non se poña fóra do inmediato alcance dos que o perseguen. Tamén se considerará delincente <i>in fraganti</i> aquel a quen se sorprendese inmediatamente despois de cometido un delito con efectos, instrumentos ou vestixios que permitan presumir a súa participación nel.</p> <p>2ª Que se trate dalgún dos seguintes delitos:</p> <p>a) Delitos de lesións, coaccións, ameazas ou violencia física ou psíquica habitual, cometidos</p>

<p>b) <i>Delitos de furto.</i> c) <i>Delitos de roubo.</i> d) <i>Delitos de furto e roubo de uso de vehículos.</i> e) <i>Delitos contra a seguridade do tráfico.</i> 3ª Que se trate dun feito punible cuxa instrución sexa presumible que será sinxela.</p> <p>2. O procedemento regulado neste Título non será de aplicación á investigación e axuizamento daqueles delitos que fosen conexas con outro ou outros delitos non comprendidos no apartado anterior.</p> <p>3. Non se aplicará este procedemento naqueles casos nos que sexa procedente acordar o secreto das actuacións conforme ao establecido no art. 302.</p> <p>4. En todo o non previsto expresamente no presente Título aplicaranse supletoriamente as normas do Título II deste mesmo Libro, relativas ao procedemento abreviado”</p>	<p>contra as persoas ás que se refire o artigo 173.2 do Código Penal. b) Delitos de furto. c) Delitos de roubo. d) Delitos de furto e roubo de uso de vehículos. e) Delitos contra a seguridade do tráfico. f) Delitos de danos referidos no artigo 263 do Código Penal. g) Delitos contra a saúde pública previstos no artigo 368, inciso segundo, do Código Penal. h) Delitos flagrantes relativos á propiedade intelectual e industrial previstos nos artigos 270, 273, 274 e 275 do Código Penal.</p> <p>3ª Que se trate dun feito punible cuxa instrución sexa presumible que será sinxela.</p> <p>2. O procedemento regulado neste Título non será de aplicación á investigación e axuizamento daqueles delitos que fosen conexas con outro ou outros delitos non comprendidos no apartado anterior.</p> <p>3. Non se aplicará este procedemento naqueles casos nos que sexa procedente acordar o secreto das actuacións conforme ao establecido no art. 302.</p> <p>4. En todo o non previsto expresamente no presente Título aplicaranse supletoriamente as normas do Título II deste mesmo Libro, relativas ao procedemento abreviado”</p> <p style="text-align: center;"><u>FIN ARTIGO 795</u></p>
---	---

ASPECTOS A DESTACAR DA NOVA REGULACIÓN DO PRECEPTO

1º) En materia de Violencia Doméstica a Lei Orgánica 15/2003 de 25 de novembro (en vigor dende o 27/11/2003 no que se refire ao precepto que tratamos) adaptou o contido do art.795..1.2ª á modificación que dos artigos 153 e 173 do Código Penal efectuou a Lei Orgánica 11/2003 de medidas concretas en materia de seguridade cidadá, violencia domestica e integración social dos estranxeiros. Por iso a anterior referencia do artigo aos “Delitos de lesións, coaccións, ameazas ou violencia física ou psíquica habitual, cometidos contra as persoas aos que se refire o artigo 153 do Código Penal” foi substituída pola expresión “Delitos de lesións, coaccións, ameazas ou violencia física ou psíquica habitual, cometidos contra as persoas aos que se refire o artigo 173.2 do Código Penal .”

2º) O precepto sigue incluíndo dentro do ámbito dos xuízos rápidos os delitos de lesións, coaccións, ameazas e violencia física ou psíquica habitual que acontecen no ámbito da violencia doméstica coa particularidade de que, dada a ampliación do ámbito subxectivo dos delitos de violencia doméstica, axuizárase agora por xuízo rápido aquela que o suxeito activo exerce non só sobre o seu cónxuxe ou sobre persoa que estea ou estivese ligada a el por unha análoga relación de afectividade mesmo sen convivencia, senón tamén a exercida sobre os descendentes, ascendentes ou irmáns por natureza, adopción ou afinidade, propios ou do cónxuxe ou convivente, ou sobre os menores ou incapaces que con el convivan ou que se atopen suxeitos á potestade, tutela, curadoría, acollemento ou garda de feito do cónxuxe ou convivente, ou sobre persoa amparada en calquera outra relación pola que se encontre integrada no núcleo da súa convivencia familiar, así como sobre as persoas que pola súa especial vulnerabilidade se atopan sometidas a custodia ou garda en centros públicos ou privados.

1.2.2.- Artigo 796: actuacións da Policía Xudicial (citación de membros de Forzas e Corpos de Seguridade)

Precepto da LECRIM que se derroga	Redacción que agora se inclúe na LECRIM
<p>“1. Sen prexuízo de canto se establece no Título III do Libro II e das previsións do capítulo II do Título II deste Libro, a Policía Xudicial deberá practicar no tempo imprescindible e, en todo caso, durante o tempo da detención, as seguintes dilixencias:</p> <p>1ª Sen prexuízo de conseguir os auxilios aos que se refire o ordinal 1ª do art. 770, solicitará do facultativo ou do persoal sanitario que atendese ao ofendido copia do informe relativo á asistencia prestada para a súa unión ao atestado policial. Ademais, solicitará a presenza do médico forense cando a persoa que tivese que ser recoñecida non puidese desprazarse ao Xulgado de Garda dentro do prazo previsto no art. 799.</p> <p>2ª Informará á persoa á que se atribúa o feito, mesmo no caso de non procederse á súa detención, do dereito que lle asiste de comparecer ante o Xulgado de Garda asistido de avogado. Se o interesado non manifestase expresamente a súa vontade de comparecer asistido de avogado, a Policía Xudicial conseguirá do Colexio de Avogados a designación dun letrado de oficio.</p> <p>3ª Citará á persoa que resulte denunciada no atestado policial para comparecer no Xulgado de Garda no día e hora que se lle sinala, cando non se procedese á súa detención. O citado será apercibido das consecuencias de non comparecer á citación policial ante o Xulgado de Garda.</p>	<p>“1. Sen prexuízo de canto se establece no Título III do Libro II e das previsións do capítulo II do Título II deste Libro, a Policía Xudicial deberá practicar no tempo imprescindible e, en todo caso, durante o tempo da detención, as seguintes dilixencias:</p> <p>1ª Sen prexuízo de conseguir os auxilios aos que se refire o ordinal 1ª do art. 770, solicitará do facultativo ou do persoal sanitario que atendese ao ofendido copia do informe relativo á asistencia prestada para a súa unión ao atestado policial. Ademais, solicitará a presenza do médico forense cando a persoa que tivese que ser recoñecida non puidese desprazarse ao Xulgado de Garda dentro do prazo previsto no art. 799.</p> <p>2ª Informará á persoa á que se atribúa o feito, mesmo no caso de non procederse á súa detención, do dereito que lle asiste de comparecer ante o Xulgado de Garda asistido de avogado. Se o interesado non manifestase expresamente a súa vontade de comparecer asistido de avogado, a Policía Xudicial conseguirá do Colexio de Avogados a designación dun letrado de oficio.</p> <p>3ª Citará á persoa que resulte denunciada no atestado policial para comparecer no Xulgado de Garda no día e hora que se lle sinala, cando non se procedese á súa detención. O citado será apercibido das consecuencias de non comparecer á citación policial ante o Xulgado de Garda.</p>

<p>4ª Citará tamén ás testemuñas, aos ofendidos e prexudicados para que comparezan no Xulgado de Garda no día e hora que se lles indique. Ás testemuñas apercibiráselles das consecuencias de non comparecer á citación policial no Xulgado de Garda.</p> <p>5ª Citará para o mesmo día e hora ás entidades ás que se refire o artigo 117 do Código Penal, no caso de que conste a súa identidade.</p> <p>6ª Remitirá ao Instituto de Toxicoloxía, ao Instituto de Medicina Legal ou ao laboratorio correspondente as substancias aprehendidas cuxa análise resulte pertinente. Estas entidades procederán de inmediato á análise solicitada e remitirán o resultado ao Xulgado de Garda polo medio máis rápido e, en todo caso, antes do día e hora en que se citasen ás persoas indicadas nas regras anteriores. Se non fose posible a remisión da análise no devandito prazo, a Policía Xudicial poderá practicar por si mesma dita análise, sen prexuízo do debido control xudicial do mesmo.</p> <p>7ª A práctica dos controles de alcoholemia axustarase ao establecido na lexislación de seguridade vial. Non obstante, cando se practicase unha análise de sangue ou outra análoga, requirirase ao persoal sanitario que o realice para que remita o resultado ao Xulgado de Garda polo medio máis rápido e, en todo caso, antes do día e hora da citación á que se refiren as regras anteriores.</p> <p>8ª Se non fose posible a remisión ao Xulgado de Garda dalgún obxecto que debese ser taxado, solicitarase inmediatamente a presenza do perito ou servizo correspondente para que o examine e emita informe pericial. Este informe poderá ser emitido oralmente ante o Xulgado de Garda.</p> <p>2. Para a realización das citacións ás que se refire o apartado anterior, a Policía Xudicial fixará o día e a hora da comparecencia coordinadamente co Xulgado de Garda. A estes efectos, o Consello Xeral do Poder Xudicial, consonte ao establecido no artigo 110 da Lei Orgánica do Poder Xudicial, ditará os Regulamentos oportunos para a ordenación dos servizos de garda dos Xulgados de Instrución en relación á práctica destas citacións, coordinadamente coa Policía Xudicial.</p> <p>3. Se a urxencia o requirise, as citacións poderán facerse por calquera medio de comunicación, mesmo verbalmente, sen prexuízo de deixar constancia do seu contido na pertinente acta.</p>	<p>4ª Citará tamén ás testemuñas para que comparezan no Xulgado de Garda no día e hora que se lles indique, apercibíndolles das consecuencias de non comparecer á citación policial no Xulgado de Garda. Non será necesaria a citación de membros das Forzas e Corpos de Seguridade que interviñesen no atestado cando a súa declaración conste no mesmo."</p> <p>5ª Citará para o mesmo día e hora ás entidades ás que se refire o artigo 117 do Código Penal, no caso de que conste a súa identidade.</p> <p>6ª Remitirá ao Instituto de Toxicoloxía, ao Instituto de Medicina Legal ou ao laboratorio correspondente as substancias aprehendidas cuxa análise resulte pertinente. Estas entidades procederán de inmediato á análise solicitada e remitirán o resultado ao Xulgado de Garda polo medio máis rápido e, en todo caso, antes do día e hora en que se citasen ás persoas indicadas nas regras anteriores. Se non fose posible a remisión da análise neste prazo, a Policía Xudicial poderá practicar por si mesma a devandita análise, sen prexuízo do debido control xudicial do mesmo.</p> <p>7ª A práctica dos controles de alcoholemia axustarase ao establecido na lexislación de seguridade vial. Non obstante, cando se practicase unha análise de sangue ou outra análoga, requirirase ao persoal sanitario que o realice para que remita o resultado ao Xulgado de Garda polo medio máis rápido e, en todo caso, antes do día e hora da citación á que se refiren as regras anteriores.</p> <p>8ª Se non fose posible a remisión ao Xulgado de Garda dalgún obxecto que debese ser taxado, solicitarase inmediatamente a presenza do perito ou servizo correspondente para que o examine e emita informe pericial. Este informe poderá ser emitido oralmente ante o Xulgado de Garda.</p> <p>2. Para a realización das citacións ás que se refire o apartado anterior, a Policía Xudicial fixará o día e a hora da comparecencia coordinadamente co Xulgado de Garda. A estes efectos, o Consello Xeral do Poder Xudicial, consonte ao establecido no artigo 110 da Lei Orgánica do Poder Xudicial, ditará os Regulamentos oportunos para a ordenación dos servizos de garda dos Xulgados de Instrución en relación á práctica destas citacións, coordinadamente coa Policía Xudicial.</p> <p>3. Se a urxencia o requirise, as citacións poderán facerse por calquera medio de comunicación, mesmo verbalmente, sen prexuízo de deixar constancia do seu contido na pertinente acta.</p> <p>4. Aos efectos da aplicación do procedemento regulado neste título, cando a Policía Xudicial tivese coñecemento da comisión dun feito incardinable nalgunha das circunstancias previstas no apartado 1 do artigo 795, respecto</p>
--	---

	<p>do que, non tendo sido detido nin localizado o presunto responsable, fose non obstante previsible a súa rápida identificación e localización, continuará as investigacións iniciadas, que se farán constar nun único atestado, que se remitirá ao xulgado de garda tan pronto como o presunto responsable sexa detido ou citado consonte ao previsto nos apartados anteriores e, en calquera caso, dentro dos cinco días seguintes. Nestes casos a instrucións da causa corresponderá en exclusiva ao xulgado de garda que recibise o atestado. O disposto neste apartado enténdese sen prexuízo de dar coñecemento inmediatamente ao xuíz de garda e ao Ministerio Fiscal da comisión do feito e da continuación das investigacións para a súa debida constancia”.</p> <p style="text-align: center;"><u>FIN ARTIGO 796</u></p>
--	--

ASPECTOS A DESTACAR DA NOVA REGULACIÓN DO PRECEPTO

1º) A Lei Orgánica 15/2003 de 25 de novembro (en vigor dende o 27/11/2003 no que se refire ao precepto que tratamos) modificou o contido do artigo 796.1.4ª da LECRIM, no sentido de permitir que os membros das Forzas e Corpos de Seguridade que interviñesen no atestado non queden citados cando a súa declaración conste no mesmo. O certo é que a práctica demostrou que a súa declaración resulta en moitas ocasións superflua aos fins da investigación e para unha maior seguridade, no seu caso, sempre pode o Xuíz acordar a súa declaración como dilixencia urxente ao amparo da previsión legal establecida no artigo 797.1.8ª LECRIM.

2º) A Lei Orgánica 15/2003 de 25 de novembro (en vigor dende o 27/11/2003 no que se refire ao precepto que tratamos) introduciu un novo apartado 4 no artigo 796 da LECRIM co fin de facilitar o axuizamento rápido dos delitos cuxo autor, non tendo sido detido nin localizado, fose previsible a súa rápida identificación e localización. Faculta a lei á policía xudicial para facer constar todas as investigacións nun único atestado que será remitido unha vez o presunto responsable sexa detido ou citado a presenza xudicial, sendo competente en todo caso para o axuizamento do delito o Xulgado de Garda que reciba o atestado. Precisa daquela a reforma a competencia do xuíz de garda que recibe

Guía Práctica contra a Violencia Doméstica e de Xénero

o atestado para coñecer do xuízo rápido, resolvendo as dúbidas que, antes da reforma, puideron acontecer en supostos de atestados amplatorios e xuíz competente para o seu coñecemento

1.2.3.- Artigo 797: Dilixencias Urxentes

Precepto da LECRIM que se derroga	Redacción que agora se inclúe na LECRIM
<p>1. O xulgado de garda, tras recibir o atestado policial, xunto cos obxectos, instrumentos e probas que, no seu caso, o acompañen, incoará, se procede, dilixencias urxentes. Sen prexuízo das demais funcións que ten encomendadas, practicará, cando resulten pertinentes, las seguintes dilixencias, na orde que considere máis conveniente ou aconsellen as circunstancias, coa participación activa do Ministerio Fiscal.</p> <p>1ª Conseguirá polo medio máis rápido os antecedentes penais do detido ou persoa imputada.</p> <p>2ª Se fose necesario para a cualificación xurídica dos feitos imputados:</p> <p>a) Conseguirá, de non telos recibido, os informes periciais solicitados pola Policía Xudicial.</p> <p>b) Ordenará, cando resulte pertinente e proporcionado, que o médico forense, se non o tivese feito con anterioridade, examine ás persoas que comparecesen a presenza xudicial e emita o correspondente informe pericial.</p> <p>c) Ordenará a práctica por un perito da taxación de bens ou obxectos aprehendidos ou intervidos e postos a disposición xudicial, se non se tivese feito con anterioridade.</p> <p>3ª Tomará declaración ao detido posto a disposición xudicial ou á persoa que, resultando imputada polos termos do atestado, comparecese á citación policial, nos termos previstos no artigo 775. Ante a falta de comparecencia do imputado á citación policial ante o Xulgado de Garda, poderá este aplicar o previsto no artigo. 487.</p> <p>4ª Tomará declaración ás testemuñas citadas pola Policía Xudicial que comparecesen. Ante a falta de comparecencia de calquera testemuña á citación policial ante o Xulgado de Garda, poderá este aplicar o previsto no artigo 420.</p> <p>5ª Levará a cabo as informacións previstas no artigo 776.</p> <p>6ª Practicará o recoñecemento en roda do imputado, de resultar pertinente e ter comparecido a testemuña.</p> <p>7ª Ordenará, de consideralo necesario, o careo entre testemuñas, entre testemuñas e imputados ou imputados entre si.</p> <p>8ª Ordenará a citación, mesmo verbal, das persoas que considere necesario que comparezan ante el.</p> <p>9ª Ordenará a práctica de calquera dilixencia</p>	<p>“1. O xulgado de garda, tras recibir o atestado policial, xunto cos obxectos, instrumentos e probas que, no seu caso, o acompañen, incoará, se procede, dilixencias urxentes. Contra este auto non caberá recurso ningún. Sen prexuízo das demais funcións que ten encomendadas, practicará, cando resulten pertinentes, as seguintes dilixencias, na orde que considere máis conveniente ou aconsellen as circunstancias, coa participación activa do Ministerio Fiscal.</p> <p>1ª Conseguirá polo medio máis rápido os antecedentes penais do detido ou persoa imputada.</p> <p>2ª Se fose necesario para a cualificación xurídica dos feitos imputados:</p> <p>a) Conseguirá, de non telos recibido, os informes periciais solicitados pola Policía Xudicial.</p> <p>b) Ordenará, cando resulte pertinente e proporcionado, que o médico forense, se non o tivese feito con anterioridade, examine ás persoas que comparecesen a presenza xudicial e emita o correspondente informe pericial.</p> <p>c) Ordenará a práctica por un perito da taxación de bens ou obxectos aprehendidos ou intervidos e postos a disposición xudicial, se non se tivese feito con anterioridade.</p> <p>3ª Tomará declaración ao detido posto a disposición xudicial ou á persoa que, resultando imputada polos termos do atestado, comparecese á citación policial, nos termos previstos no artigo 775. Ante a falta de comparecencia do imputado á citación policial ante o Xulgado de Garda, poderá este aplicar o previsto no artigo. 487.</p> <p>4ª Tomará declaración ás testemuñas citadas pola Policía Xudicial que comparecesen. Ante a falta de comparecencia de calquera testemuña á citación policial ante o Xulgado de Garda, poderá este aplicar o previsto no artigo 420.</p> <p>5ª Levará a cabo, no seu caso, as informacións previstas no artigo 776.</p>

<p>pertinente que poida levarse a cabo no acto ou dentro do prazo establecido no artigo. 799.</p> <p>2. Cando, por razón do lugar de residencia dunha testemuña ou vítima ou por outro motivo, fose de temer razoablemente que unha proba non poderá practicarse no xuízo oral, ou puidese motivar a súa suspensión, o Xuíz de Garda practicará inmediatamente a mesma asegurando, en todo caso, a posibilidade de contradición das partes.</p> <p>A devandita dilixencia deberá documentarse en soporte apto para a gravación e reprodución do son e da imaxe ou por medio de acta autorizada polo Secretario Xudicial, con expresión dos intervenientes.</p> <p>A efectos da súa valoración como proba en sentenza, a parte á que interese deberá instar no xuízo oral a reprodución da gravación ou a lectura literal da dilixencia, nos termos do art. 730.</p>	<p>6ª Practicará o recoñecemento en roda do imputado, de resultar pertinente e ter comparecido a testemuña.</p> <p>7ª Ordenará, de consideralo necesario, o careo entre testemuñas, entre testemuñas e imputados ou imputados entre si.</p> <p>8ª Ordenará a citación, mesmo verbal, das persoas que considere necesario que comparezan ante el. A estes efectos non procederá a citación de membros das Forzas e Corpos de Seguridade que tivesen intervido no atestado cuxa declaración obre no mesmo, salvo que excepcionalmente e mediante resolución motivada, considere imprescindible a súa nova declaración antes de adoptar algunha das resolucións previstas no artigo seguinte.</p> <p>9ª Ordenará a práctica de calquera dilixencia pertinente que poida levarse a cabo no acto ou dentro do prazo establecido no artigo. 799.</p> <p>2. Cando, por razón do lugar de residencia dunha testemuña ou vítima ou por outro motivo, fose de temer razoablemente que unha proba non poderá practicarse no xuízo oral, ou puidese motivar a súa suspensión, o Xuíz de garda practicará inmediatamente a mesma asegurando, en todo caso, a posibilidade de contradición das partes.</p> <p>A devandita dilixencia deberá documentarse en soporte apto para a gravación e reprodución do son e da imaxe ou por medio de acta autorizada polo Secretario Xudicial, con expresión dos intervenientes.</p> <p>A efectos da súa valoración como proba en sentenza, a parte á que interese deberá instar no xuízo oral a reprodución da gravación ou a lectura literal da dilixencia, nos termos do art. 730.</p> <p>3. O avogado designado para a defensa terá tamén habilitación legal para a representación do seu defendido en todas as actuacións que se verifiquen ante o Xuíz de garda.”</p> <p style="text-align: center;"><u>FIN ARTIGO 797</u></p>
---	--

ASPECTOS A DESTACAR DA NOVA REGULACIÓN DO PRECEPTO

1º) A Lei Orgánica 13/2003 de 24 de outubro (en vigor dende o 28/10/2003) modificou o contido do artigo 797.1.da LECRIM, no único sentido de excluír de recurso o auto polo que o xuíz de garda acorda a incoación de dilixencias urxentes ; irrecurribilidade esta que é conforme coa que xa establecía e establece a lei en supostos como os que xorden cando o xuíz estimando a suficiencia das dilixencias practicadas, ordena seguir o procedemento do capítulo IV (artigo 798.2 LECRIM) ou cando o xuíz acorda a apertura de xuízo oral (artigo 800 LECRIM).

2º) La Lei Orgánica 15/2003 de 25 de novembro (en vigor dende o 27/11/2003 no que se refire ao precepto que tratamos) modificou o contido do artigo 797.1. 5ª da LECRIM, no único sentido de acordar que a información que ao ofendido e prexudicado polo delito debe facerse do contido dos artigos 109 e 110 da LECRIM, o faga o xuíz de garda no seu caso. Caso que non é outro que o do suposto de que a devandita información non se practicasa xa pola Policía Xudicial. A tal interpretación debe chegarse a teor do novo texto legal do artigo 776 dentro da regulación das dilixencias previas, que supedita a práctica da información que nos ocupa ao suposto de que non fose previamente realizada pola policía xudicial.

3º) A Lei Orgánica 15/2003 de 25 de novembro (en vigor dende o 27/11/2003 no que se refire ao precepto que tratamos) modificou o contido do artigo 797.1.8ª da LECRIM, en concordancia coa reforma do artigo 796.1.4.LECRIM. A Policía Xudicial non debe citar ante o xulgado de garda aos membros das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado que interviñesen no atestado se a súa declaración xa consta no mesmo e, pola mesma razón, o Xuíz de garda non acordase a súa citación e declaración salvo que a estimase imprescindible. O certo é que a práctica demostrou que a súa declaración resulta en moitas ocasións innecesaria aos fins da investigación e para maior seguridade, para no seu caso, sempre pode o Xuíz acordar a súa declaración como dilixencia urxente ao amparo da previsión legal.

4º) A Lei Orgánica 15/2003 de 25 de novembro (en vigor dende o 27/11/2003 no que se refire ao precepto que tratamos) introduciu un novo apartado no artigo que nos ocupa, a

saber, o terceiro. O artigo 797,3 da LECRIM, outorga agora ao avogado da defensa a representación do seu defendido para as actuacións que se efectúen ante o xuíz de garda. Evidentes fins prácticos xustifican a introdución do artigo que tratamos e cuxo contido se corresponde coa regulación prevista para as dilixencias previas.

1.2.4.- Artigo 798: audiencia ás partes sobre suficiencia de dilixencias practicadas e medidas preventivas

Precepto da LECRIM que se derroga	Redacción que agora se inclúe na LECRIM
<p>“1. A continuación, o Xuíz oirá ás partes comparecentes e ao Ministerio Fiscal sobre cal das resolucións previstas no apartado seguinte procede adoptar. Ademais, as partes acusadoras e o Ministerio Fiscal poderán solicitar calquera medida preventiva fronte ao imputado ou, no seu caso, fronte ao responsable civil, sen prexuízo das que se puidesen adoptar anteriormente.</p> <p>2. O Xuíz de garda ditará resolución con algún destes contidos:</p> <p><i>1º No caso de que considere suficientes as dilixencias practicadas, ditará auto en forma oral, que deberá documentarse e non será susceptible de recurso ningún, ordenando seguir o procedemento do capítulo seguinte, salvo que estime procedente algunha das decisións previstas nos tres primeiros ordinais do apartado 1 do art. 779, en cuxo caso ditará auto.</i></p> <p>2º No caso de que considere insuficientes as dilixencias practicadas, ordenará que o procedemento continúe como dilixencias previas do procedemento abreviado. O Xuíz deberá sinalar motivadamente cales son as dilixencias cuxa práctica resulta necesaria para concluír a instrución da causa ou as circunstancias que o fan imposible.</p> <p>3. Cando o Xuíz de garda dite o auto acordando algunha das decisións previas nos tres primeiros ordinais do apartado 1 do art. 779, no mesmo acordará o que proceda sobre a adopción de medidas preventivas fronte ao imputado e, no seu caso, fronte ao responsable civil. Fronte ao pronunciamento do Xuíz sobre medidas preventivas, caberán os recursos previstos no art. 766. Cando o Xuíz de garda dite auto en forma oral ordenando a continuación do procedemento, sobre a adopción de medidas preventivas estarase ao disposto no apartado 1 do art. 800.</p> <p>4. Ademais, ordenará, se procede, a devolución de obxectos intervidos.”</p>	<p>“1. A continuación, el Xuíz oirá ás partes comparecentes e ao Ministerio Fiscal sobre cal das resolucións previstas no apartado seguinte procede adoptar. Ademais, as partes acusadoras e o Ministerio Fiscal poderán solicitar calquera medida preventiva fronte ao imputado ou, no seu caso, fronte ao responsable civil, sen prexuízo das que se puidesen adoptar anteriormente.</p> <p>2. O Xuíz de garda ditará resolución con algún destes contidos:</p> <p>1º No caso de que considere suficientes as dilixencias practicadas, ditará auto en forma oral, que deberá documentarse e non será susceptible de recurso ningún, ordenando seguir o procedemento do capítulo seguinte, salvo que estime procedente algunha das decisións previstas nas regras 1.ª e 3.ª do apartado 1 do artigo 779, en cuxo caso ditará o correspondente auto. Se o xuíz de garda reputa falta o feito que dese lugar á formación das dilixencias, procederá ao seu axuizamento inmediato conforme ao previsto no artigo 963.</p> <p>2º No caso de que considere insuficientes as dilixencias practicadas, ordenará que o procedemento continúe como dilixencias previas do procedemento abreviado. O Xuíz deberá sinalar motivadamente cales son as dilixencias cuxa práctica resulta necesaria para concluír a instrución da causa ou as circunstancias que o fan imposible.</p> <p>3. Cando o Xuíz de garda dite o auto acordando algunha das decisións previas nos tres primeiros ordinais do apartado 1 do art. 779, no mesmo acordará o que proceda sobre a adopción de medidas preventivas fronte ao imputado e, no seu caso, fronte ao responsable civil. Fronte ao pronunciamento do Xuíz sobre medidas preventivas, caberán os recursos previstos no art. 766. Cando o Xuíz de garda dite auto en forma oral ordenando a continuación do procedemento, sobre a adopción de medidas preventivas estarase ao disposto no apartado 1 do art. 800.</p>

	<p>4. Ademais, ordenará, se procede, a devolución de obxectos intervidos.”</p> <p style="text-align: center;"><u>FIN ARTIGO 798</u></p>
--	--

ASPECTOS A DESTACAR DA NOVA REGULACIÓN DO PRECEPTO

1º) A Lei Orgánica 15/2003 de 25 de novembro (en vigor dende o 27/11/2003 no que se refire ao precepto que tratamos) modificou o contido do artigo 798.2.1º da LECRIM, acordando que no suposto de que o xuíz de garda trala práctica das dilixencias urxentes acordadas, considere que procede a incoación de xuízo de Faltas, proceda ao seu axuizamento inmediato, non debéndose relegar daquela a un momento posterior a súa celebración. A reforma adecúase á previsión establecida para o axuizamento rápido das faltas resolvendo algunhas dúbidas que na práctica xurdiron sobre o momento de axuizamento no caso de conversión das dilixencias urxentes a xuízo de faltas

1.2.5.- Artigo 801: conformidade

<i>Precepto da LECRIM que se derroga</i>	<i>Redacción que agora se inclúe na LECRIM</i>
<p><i>1. Sen prexuízo da aplicación neste procedemento do art. 787, o acusado poderá prestar a súa conformidade ante o Xulgado de Garda e ditar esta sentenza de conformidade remitíndose entón todas as actuacións ao Xulgado do Penal que corresponda para a execución da sentenza, cando concorran os seguintes requisitos:</i></p> <p>1º Que non se constituíse acusación particular e o Ministerio Fiscal solicitase a apertura do xuízo oral e, así acordada polo Xuíz de garda, aquel presentase no acto escrito de acusación.</p> <p>2º Que os feitos obxecto de acusación fosen cualificados como delito castigado con pena de ata tres anos de prisión, con pena de multa calquera que sexa a súa contía ou con outra pena de distinta natureza cuxa duración non exceda de dez anos.</p> <p>3º Que, tratándose de pena privativa de liberdade, a pena solicitada ou a suma das penas solicitadas non supere, reducida nun terzo, os dous anos de prisión.</p>	<p>1.- Sen prexuízo da aplicación neste procedemento do artigo 787, o acusado poderá prestar a súa conformidade ante o Xulgado de Garda e ditar esta sentenza de conformidade, cando concorran os seguintes requisitos:</p> <p>1º Que non se constituíse acusación particular e o Ministerio Fiscal solicitase a apertura do xuízo oral e, así acordada polo Xuíz de garda, aquel presentase no acto escrito de acusación.</p> <p>2º Que os feitos obxecto de acusación fosen cualificados como delito castigado con pena de ata tres anos de prisión, con pena de multa calquera que sexa a súa contía ou con outra pena de distinta natureza cuxa duración non exceda de dez anos.</p> <p>3º Que, tratándose de pena privativa de liberdade, a pena solicitada ou a suma das penas solicitadas non supere, reducida nun terzo, os dous anos de prisión.</p> <p>2. Dentro do ámbito definido no apartado anterior, o xulgado de garda realizará o control da conformidade prestada nos termos previstos</p>

<p>2. <i>Dentro do ámbito definido no apartado anterior, o Xulgado de Garda realizará o control da conformidade prestada nos termos previstos no art. 787 e ditará, no seu caso, sentenza de conformidade, na que imporá a pena solicitada reducida nun terzo, e se a pena imposta fose privativa de liberdade, resolverá o procedente sobre a súa suspensión ou substitución.</i></p> <p>3. Para acordar, no seu caso, a suspensión da pena privativa de liberdade abondará, aos efectos do disposto no art. 81.3ª do Código Penal, co compromiso do acusado de satisfacer as responsabilidades civís que se orixinasen no prazo prudencial que o Xulgado de garda fixe. Ademais, nos casos nos que de conformidade co art. 87.1.1ª do Código Penal sexa necesaria unha certificación suficiente por centro ou servizo público ou privado debidamente acreditado ou homologado de que o acusado se encontra deshabitado ou sometido a tratamento para tal fin, abondará para aceptar a conformidade e acordar a suspensión da pena privativa de liberdade o compromiso do acusado de obter a devandita certificación no prazo prudencial que o Xulgado de Garda fixe.</p> <p>4.- Se houbese acusador particular na causa, o acusado poderá, no seu escrito de defensa, prestar a súa conformidade coa máis grave das acusacións segundo o previsto nos apartados anteriores.”</p>	<p>no artigo 787 e, no seu caso, ditará oralmente sentenza de conformidade que se documentará con arranxo ao previsto no apartado 2 do artigo 789, na que imporá a pena solicitada reducida nun terzo, mesmo cando supoña a imposición dunha pena inferior ao límite mínimo previsto no Código Penal. Se o fiscal e as partes comparecentes expresasen a súa decisión de non recorrer, o xuíz, no mesmo acto, declarará oralmente a firmeza da sentenza e, se a pena imposta fose privativa de liberdade, resolverá o procedente sobre a súa suspensión ou substitución.</p> <p>3. Para acordar, no seu caso, a suspensión da pena privativa de liberdade abondará, aos efectos do disposto no art. 81.3ª do Código Penal, co compromiso do acusado de satisfacer as responsabilidades civís que se orixinasen no prazo prudencial que o Xulgado de Garda fixe. Ademais, nos casos nos que de conformidade co art. 87.1.1ª do Código Penal sexa necesaria unha certificación suficiente por centro ou servizo público ou privado debidamente acreditado ou homologado de que o acusado se encontra deshabitado ou sometido a tratamento para tal fin, abondará para aceptar a conformidade e acordar a suspensión da pena privativa de liberdade o compromiso do acusado de obter a devandita certificación no prazo prudencial que o Xulgado de garda fixe.</p> <p>4. Ditada sentenza de conformidade e practicadas as actuacións á que se refire o apartado 2, o xuíz de garda acordará o procedente sobre a posta en liberdade ou o ingreso en prisión do condenado e realizará os requirimentos que dela se deriven, remitindo seguidamente as actuacións xunto coa sentenza redactada ao Xulgado do Penal que corresponda, que continuará a súa execución.</p> <p>5. Si houbese acusador particular na causa, o acusado poderá, no seu escrito de defensa, prestar a súa conformidade coa máis grave das acusacións segundo o previsto nos apartados anteriores.”</p> <p style="text-align: center;"><u>FIN ARTIGO 801</u></p>
--	--

ASPECTOS A DESTACAR DA NOVA REGULACIÓN DO PRECEPTO

1º) A Lei Orgánica 15/2003 de 25 de novembro (en vigor dende o 27/11/2003 no que se refire ao precepto que tratamos) deu unha nova redacción ao contido do artigo 801.2 da LECRIM. Por unha banda, permite ao xuíz ditar sentenza de conformidade oralmente, o que ofrece unha maior rapidez en tanto na acta se documentará exclusivamente o fallo e unha sucinta motivación, permitindo relegar a momento posterior a súa redacción de tal xeito que esta non retrase o axuizamento doutros xuízos ou a asistencia a outras actuacións do xulgado de garda.

Por outra banda, e dissipando calquera dúbida que a redacción anterior puidese producir, prevé a posibilidade de que a pena finalmente imposta, ao ser reducida nun terzo, resulte inferior ao límite mínimo previsto no Código Penal.

Finalmente, prevé á súa vez a expresa declaración polo xuíz da firmeza da sentenza para o suposto de que as partes comparecentes e o fiscal manifesten a súa intención de non recorrela.

2º) A Lei Orgánica 15/2003 de 25 de novembro (en vigor dende o 27/11/2003 no que se refire ao precepto que tratamos) deu unha nova redacción ao apartado cuarto, pasando a ocupar o seu anterior contido o novo apartado quinto. O artigo 801.4 da LECRIM resolve definitivamente as dúbidas que presentaba a situación persoal do finalmente condenado por sentenza firme de conformidade. Debe ser daquela o xuíz de garda o que despois de ditar oralmente a sentenza de conformidade acorde o procedente sobre a posta en liberdade ou o ingreso en prisión do condenado, a cuxos efectos deberá, no seu caso, realizar os requirimentos que a súa decisión implique, remitindo, a continuación as actuacións ao xulgado do Penal para que este continúe coa execución da pena imposta. Outorga o novo precepto así facultade ao xuíz de garda para iniciar a execución da pena firme imposta en sentenza de conformidade respecto da situación persoal do condenado.

1.2.6.- Artigo 962: xuízo de faltas ante o Xulgado de Garda

<i>Precepto da LECRIM que se derroga</i>	<i>Redacción que agora se inclúe na LECRIM</i>
<i>“1. Cando a Policía Xudicial teña noticia dun feito que presente os caracteres de falta tipificada nos arts. 617 ou 620 do Código Penal, sempre que o ofendido sexa algunha das persoas ás que se refire</i>	“1. Cando a Policía Xudicial teña noticia dun feito que presente os caracteres de falta tipificada no artigo 617, no artigo 623.1 cando sexa flagrante ou no artigo 620 do Código

<p><i>o art. 153 do mesmo Código, así como no art. 623.1 do Código Penal cando sexa flagrante, cuxo axuízamento corresponda ao Xulgado de Instrución ao que se debe entregar o atestado ou a outro do mesmo partido xudicial, procederá de forma inmediata a citar ante o xulgado de garda ás persoas indicadas nos ordinais 3ª e 4ª do art. 796. Ao facer dita citación apercíbirase ás persoas citadas das respectivas consecuencias de non comparecer ante o xulgado de garda. Ademais, apercíbiráselles de que poderá celebrarse o xuízo de faltas de forma inmediata no xulgado de garda, incluso aínda que non comparezan, e de que teñen que comparecer cos medios de proba de que intenten valerse. Ao denunciante e ao ofendido ou prexudicado informaráselles dos seus dereitos nos termos previstos nos arts. 109, 110 e 967.</i></p> <p>2. Á persoa denunciada informaráselle sucintamente dos feitos en que consista a denuncia e do dereito que lle asiste de comparecer asistido de avogado. Dita información practicarase en todo caso por escrito.</p> <p>3. Nestes casos, a Policía Xudicial fará entrega do atestado ao Xulgado de Garda, no que consten as dilixencias e citacións practicadas e, no seu caso, a denuncia do ofendido.</p> <p>4. Para a realización das citacións ás que se refire este artigo, a Policía Xudicial fixará a hora da comparecencia coordinadamente co Xulgado de Garda. A estes efectos, o Consello Xeral do Poder Xudicial, consonte ao establecido no art. 110 da Lei Orgánica do Poder Xudicial, ditará os Regulamentos oportunos para a ordenación dos servizos de garda dos Xulgados de Instrución en relación coa práctica destas citacións, coordinadamente coa Policía Xudicial.”</p>	<p>Penal, sempre que neste último caso o ofendido sexa algunha das persoas ás que se refire o artigo 173.2 do mesmo Código, cuxo axuízamento corresponda ao Xulgado de Instrución ao que se debe entregar o atestado ou a outro do mesmo partido xudicial, procederá de forma inmediata a citar ante o xulgado de garda aos ofendidos e prexudicados, ao denunciante, ao denunciado e ás testemuñas que poidan dar razón dos feitos. Ao facer dita citación apercíbirase ás persoas citadas das respectivas consecuencias de non comparecer ante o xulgado de garda. Ademais, apercíbiráselles de que poderá celebrarse o xuízo de faltas de forma inmediata no xulgado de garda, incluso aínda que non comparezan, e de que teñen que comparecer cos medios de proba de que intenten valerse. Ao denunciante e ao ofendido ou prexudicado informaráselles dos seus dereitos nos termos previstos nos artigos 109, 110 e 967.</p> <p>2. Á persoa denunciada informaráselle sucintamente dos feitos en que consista a denuncia e do dereito que lle asiste de comparecer asistido de avogado. Dita información practicarase en todo caso por escrito.</p> <p>3. Nestes casos, a Policía Xudicial fará entrega do atestado ao Xulgado de Garda, no que consten as dilixencias e citacións practicadas e, no seu caso, a denuncia do ofendido.</p> <p>4. Para a realización das citacións ás que se refire este artigo, a Policía Xudicial fixará a hora da comparecencia coordinadamente co Xulgado de Garda. A estes efectos, o Consello Xeral do Poder Xudicial, consonte ao establecido no art. 110 da Lei Orgánica do Poder Xudicial, ditará os Regulamentos oportunos para a ordenación dos servizos de garda dos Xulgados de Instrución en relación coa práctica destas citacións, coordinadamente coa Policía Xudicial.”</p> <p style="text-align: center;"><u>FIN ARTIGO 962</u></p>
--	--

ASPECTOS A DESTACAR DA NOVA REGULACIÓN DO PRECEPTO

1º) A Lei Orgánica 15/2003 de 25 de novembro (en vigor dende o 27/11/2003 no que se refire ao precepto que tratamos) deu unha nova redacción ao contido do artigo 962.1 da

LECRIM adaptando o precepto á reforma do Código Penal en materia de violencia doméstica introducida pola Lei Orgánica 11/2003, de 29 de setembro. Por iso desaparece a referencia á falta de lesións de violencia doméstica, pois pasou a integrar o delito do artigo 153 do Código Penal e a referencia aos ofendidos da falta de ameazas, coaccións e injurias do artigo 620 do Código Penal o é ao novo ámbito previsto no artigo 173.2 do Código Penal.

2º) Noutra orde de cousas, a reforma mantén no ámbito do axuízamento rápido das faltas a de furto flagrante do artigo 623.1 do Código Penal e amplía o seu ámbito a calquera falta de lesións.

1.2.7.- Artigo 965: imposibilidade de celebrar xuízo de faltas durante o servizo de garda

Precepto da LECRIM que se derroga	Redacción que agora se inclúe na LECRIM
<p><i>“1. Se non fose posible a inmediata celebración do xuízo, o Xulgado de Garda seguirá as regras seguintes:</i></p> <p><i>1ª Se estimase que a competencia para o axuízamento corresponde a un Xulgado doutro partido xudicial ou a algún Xulgado de Paz do partido, remitiralle o actuado para que este proceda a realizar o sinalamento do xuízo e as citacións.</i></p> <p><i>2ª Se a competencia para o axuízamento corresponde ao propio Xulgado de Instrución de garda ou a outro Xulgado de Instrución do partido xudicial, procederá en todo caso ao sinalamento para a celebración do xuízo de faltas e ás citacións procedentes para o día máis próximo posible e, en calquera caso, nun prazo non superior a sete días. O sinalamento e as citacións faranse dentro dun prazo non superior a dous días cando se trate das faltas tipificadas nos arts. 617 ou 620 do Código Penal, sempre que o ofendido sexa algunha das persoas ás que se refire o art. 153 do mesmo Código, así como da falta tipificada no art. 623.1 do Código Penal, cando sexa flagrante.</i></p> <p><i>As citacións faranse ao Ministerio Fiscal, salvo que a falta fose perseguible só a instancia de parte, ao querelante ou denunciante, se o houbese, ao denunciado e ás testemuñas e peritos que poidan dar razón dos feitos.</i></p>	<p>“1. Se non fose posible a celebración do xuízo durante o servizo de garda, o xulgado seguirá as regras seguintes:</p> <p>1.ª Se a competencia para o axuízamento corresponde ao propio xulgado de instrución, procederá en todo caso ao sinalamento para a celebración do xuízo de faltas e ás citacións procedentes para o día hábil máis próximo posible dentro dos predeterminados a tal fin, e en calquera caso nun prazo non superior a sete días.</p> <p>2.ª Se estimase que a competencia para o axuízamento corresponde a outro xulgado, remitiralle o actuado para que este proceda a realizar o sinalamento do xuízo e as citacións con arranxo ao disposto na regra anterior.</p> <p>2. O Consello Xeral do Poder Xudicial, consonte ao establecido no artigo 110 da Lei Orgánica do Poder Xudicial, ditará os regulamentos oportunos para a ordenación, coordinadamente co Ministerio Fiscal, dos sinalamentos de xuízos de faltas”</p> <p style="text-align: center;"><u>FIN ARTIGO 965</u></p>

<p>2. Cando o xuízo de faltas non se teña que celebrar ante o mesmo Xulgado, este fará o sinalamento e as citacións para os días e horas predeterminados a tal fin nos órganos xudiciais axuizadores. A estes efectos, o Consello Xeral do Poder Xudicial, consonte ao establecido no art. 110 da Lei Orgánica do Poder Xudicial, ditará os Regulamentos oportunos para a ordenación, coordinadamente co Ministerio Fiscal, dos sinalamentos de xuízos de faltas que realicen os Xulgados de Garda para a súa celebración ante outros Xulgados de Instrución do mesmo partido xudicial.</p>	
---	--

ASPECTOS A DESTACAR DA NOVA REGULACIÓN DO PRECEPTO

1º) A Lei Orgánica 15/2003 de 25 de novembro (en vigor dende o 27/11/2003 no que se refire ao precepto que tratamos) deu unha nova redacción ao contido do artigo 965 da LECRIM.

A reforma suprime o sinalamento do xuízo de faltas e as correspondentes citacións que antes o propio xulgado de garda tiña que realizar no caso de que, non sendo posible a celebración do xuízo durante o servizo de garda, a competencia para o seu axuizamento fose doutro xulgado do mesmo partido xudicial. Coa reforma, o sinalamento só o efectuará o xulgado de garda respectando o prazo máximo legal de sete días no caso de que sexa o competente para o axuizamento dos feitos pois no caso de que o sexa outro xulgado do seu partido xudicial, igual que se o é outro xulgado doutro partido, limitarase a remitirille as actuacións. O xulgado finalmente competente é o que efectuará o seu propio sinalamento e as correspondentes citacións respectando o prazo legal de sete días.

1.2.8.- Artigo 966: citacións ao xuízo

<i>Precepto da LECRIM que se derroga</i>	<i>Redacción que agora se inclúe na LECRIM</i>
<p><i>“Os sinalamentos e as citacións de xuízos de faltas faranse na forma e nos prazos previstos no artigo anterior, tamén nos casos nos que non sexan realizados polo Xulgado de Garda”.</i></p>	<p>“As citacións para a celebración do xuízo de faltas previsto no artigo anterior faranse ao Ministerio Fiscal, salvo nos supostos aos que se refire o apartado 2 do artigo 969, ao querelante ou denunciante, se o houbese, ao denunciado e ás testemuñas e peritos que poidan dar razón dos feitos.”</p> <p style="text-align: right;"><u>FIN ARTIGO 966</u></p>

ASPECTOS A DESTACAR DA NOVA REGULACIÓN DO PRECEPTO

1º) A Lei Orgánica 15/2003 de 25 de novembro (en vigor dende 27/11/2003 no que se refire ao precepto que tratamos) deu unha nova redacción ao contido do artigo 966 da LECRIM. A nova redacción deste artigo é unha mera consecuencia da reforma do artigo precedente. Por unha banda, suprime a referencia ao prazo de celebración do xuízo de faltas, a saber, un máximo de sete días, xa que dita previsión xa a recolle o precedente artigo 965 na súa nova redacción. Por outra banda, o seu novo contido especifica aqueles que deben ser citados á celebración do xuízo, a saber, Ministerio Fiscal, salvo falta perseguible só previa denuncia do ofendido ou prexudicado, denunciante, denunciado, testemuñas e peritos, tal e como antes concretaba o precedente artigo 965 na súa redacción anterior.

1.3.- ESTATUTO DA VÍTIMA NO PROCESO PENAL ESPAÑOL

- Cadro resumo do réxime xurídico da vítima do delito no proceso penal español.
- Por Joaquín Delgado Martín, Letrado do Consello Xeral do Poder Xudicial.

<u>1.- INICIO DO PROCEDEMENTO</u>
<u>2.- REPARACIÓN</u>
<u>3.- DIGNIDADE</u>
<u>4.- INFORMACIÓN</u>
<u>5.- PROTECCIÓN</u>
<u>6.- ESTATUTO DE PARTE</u>

ADVERTENCIA: Os dereitos contidos nos apartados 1 a 5 corresponden á vítima do delito mesmo cando non teña a condición de parte no proceso penal.

1.3.1.- Dereitos no inicio do procedemento

<u>1.- INICIO DO PROCEDEMENTO</u>	Dereito a iniciar o proceso nas infraccións penais semiprivadas, semipúblicas ou privadas	<ul style="list-style-type: none"> • Querela nos delitos privados • Denuncia nos delitos ou faltas semiprivadas ou semipúblicas
--	---	---

1.3.2.- Dereito á reparación do dano

	Dereito a obter unha reparación	• Posible exercicio da acción
--	---------------------------------	-------------------------------

<u>2.- REPARACIÓN</u>	do dano sufrido polo delito	civil • Defensa dos seus intereses polo Ministerio Fiscal • Compensación con cargo ao Estado nos supostos da Lei 35/95
------------------------------	-----------------------------	--

1.3.3.- Dereito á dignidade

<u>3.- DIGNIDADE</u>	Dereito a que a dignidade da vítima sexa respectada en todo acto procesual no que interveña	<ul style="list-style-type: none"> • En xeral: conxunto de elementos destinados a eliminar ou diminuír a vitimización secundaria (apartados 22 e ss Carta de Dereitos dos Cidadáns ante a Xustiza) • Trato específico para as vítimas especialmente vulnerables: menores, anciáns, discapacitados...(apartados 26 e ss Carta de Dereitos dos Cidadáns ante a Xustiza) • <u>Evitar a confrontación</u> vítima - agresor: violencia doméstica (art. 544 ter. 4,3º LECR) e menores (arts. 448,3º e 707,2º LECR)
-----------------------------	---	---

1.3.4.- Dereito á información

<u>4.- INFORMACIÓN</u>	Dereito a recibir información sobre os aspectos do proceso penal que sexan relevantes para a protección dos seus intereses, aínda que non sexa parte no proceso	<ul style="list-style-type: none"> • <u>Ofrecemento de accións</u> (arts 109, 110, 776 e 771.1º LECR) • Obriga de subministrar <u>informacións puntuais</u>: <ul style="list-style-type: none"> o Sobre posibilidade de reparación e de obter xustiza gratuíta (Art. 15 Lei 35/95) o Celebración do xuízo (data e lugar) e resolución que recaia (Art. 15 Lei 35/95) o Sentencia que se dite (arts 785.3, 789.4, 973.2 e 976.3 LECR) o Actos procesuais que poidan afectar á súa seguridade nos casos do art. 57 CP (art. 109 LECR) o Orde de protección (art. 544 ter LECR) • Obriga de subministrar <u>información permanente</u> sobre: <ul style="list-style-type: none"> o Situación procesual do
-------------------------------	---	---

		imputado (art. 544 ter LECR) o Medidas preventivas (art. 544 ter LECR) o Situación penitenciaria do agresor (art. 544 ter LECR)
--	--	---

1.3.5.- Dereito á protección

<u>5.- PROTECCIÓN</u>	Dereito a recibir un nivel adecuado de protección da súa seguridade cando exista un risco grave de represalias ou de reiteración dos actos violentos	<ul style="list-style-type: none"> • Protección da vítima cando intervén en calidade de testemuña: Lei 19/94 • Orde de protección do artigo 544 ter LECR (medidas penais, civís e de asistencia e protección social) • <u>Medidas penais destinadas á súa protección:</u> <ul style="list-style-type: none"> o Prisión provisional o Artigo 13 LECR o Prohibicións 544 bis LECR o Artigo 158 CC o Outras
------------------------------	--	---

1.3.6.- Condición de parte

<u>6.- CONDICIÓN DE PARTE</u>	Dereito a obter o estatuto de parte cando cumpra os requisitos esixidos polo ordenamento	<ul style="list-style-type: none"> • <u>Simplificación de requisitos para ser parte:</u> non necesaria a querela (art. 961.2 LECR) • Unha vez obtida a <u>condición de parte</u> do proceso penal: plenas posibilidades de actuación como parte dentro do marco legal
--------------------------------------	--	---

2.- REFORMAS DO CÓDIGO PENAL

- Preceptos afectados:
 - o Artigos 37, 39, 40, 46, 48, 49, 57, 83, 84, 88, 153, 173, 468, 617 e 620 CP
- Modificacións realizadas polas seguintes Leis:
 - o **Lei Orgánica 11/2003, de 29 de setembro** (BOE 30 de setembro de 2003) que entrou en vigor ao día seguinte da súa publicación
 - o **Lei Orgánica 15/2003, de 25 de novembro**, (BOE 26 de novembro de 2003), de modificación do Código Penal, que entrará en vigor o día 1 de outubro de 2004
- **Artigos analizados por Vicente Magro Servet e Inmaculada Montalbán Huertas**

2.1.- REFORMAS DA PARTE XERAL

2.1.1.- Artigo 37: pena de localización permanente

<i>Precepto do Código Penal que se derroga</i>	<i>Redacción que agora se inclúe no Código Penal</i>
<p>1. O arresto de fin de semana terá unha duración de trinta e seis horas e equivalerá, en calquera caso, a dous días de privación de liberdade. Tan só poderán impoñerse como máximo vintecatro fins de semana como arresto, salvo que a pena se impoña como substitutiva doutra privativa de liberdade; en tal caso a súa duración será a que resulte da aplicación das regras contidas no art. 88 deste Código.</p> <p>2. O seu cumprimento terá lugar durante os venres, sábados ou domingos no establecemento penitenciario máis próximo ao domicilio do arrestado.</p> <p>Non obstante o disposto no parágrafo anterior, se as circunstancias o aconsellasen, o Xuíz ou Tribunal sentenciador poderá ordenar, previo acordo do reo e oído o Ministerio Fiscal, que o arresto de fin de semana se cumpra noutros días da semana, ou de non existir Centro penitenciario no partido xudicial onde resida o penado, sempre que fose posible, en depósitos municipais.</p> <p>3. Se o condenado incorrese en dúas ausencias non</p>	<p>1. A localización permanente terá unha duración de ata doce días. O seu cumprimento obriga ao penado a permanecer no seu domicilio ou en lugar determinado fixado polo Xuíz en sentenza.</p> <p>2. Se o reo o solicitase e as circunstancias o aconsellasen, oído o Ministerio Fiscal, o xuíz ou tribunal sentenciador poderá acordar que a condena se cumpra durante os sábados e domingos ou de forma non continuada.</p> <p>3. Se o condenado incumprira a pena, o xuíz ou tribunal sentenciador deducirá testemuño para proceder de conformidade co que dispón o art. 468</p> <p style="text-align: center;"><u>FIN ARTIGO 37</u></p>

<p>xustificadas, o Xuíz de Vixilancia, sen prexuízo de deducir testemuño polo quebrantamento de condena, poderá acordar que o arresto se execute ininterrompidamente.</p> <p>4. As demais circunstancias de execución estableceranse regulamentariamente de acordo co disposto na lei penitenciaria, cuxas normas aplicaranse supletoriamente no non previsto expresamente neste Código.</p>	
--	--

ASPECTOS A DESTACAR DA NOVA REGULACIÓN DO PRECEPTO

1.- A L.O. 15/2003, de 25 de novembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 10/95, de 23 de novembro do Código Penal, suprime a pena de arresto de fin de semana. Esta reforma entrará en vigor o 10 de outubro de 2004.

2.- A pena de Arresto de Fin de Semana substitúese, segundo os casos, pola pena de prisión de corta duración – de tres meses en adiante nos delitos – quer pola pena de traballos en beneficio da comunidade; quer pola pena de localización permanente. A supresión da pena de arresto de fin de semana xustifícase na Exposición de Motivos da referida lei en que a súa aplicación práctica non foi satisfactoria.

3.- A pena de localización permanente é unha novidade introducida pola L.O. 15/2003 que, segundo a súa Exposición de Motivos, trata de dar unha resposta penal ás infraccións penais leves e evitar os efectos prexudiciais da reclusión en establecementos penitenciarios. Baséase na aplicación das novas medidas que proporciona o desenvolvemento da tecnoloxía e prevese que se cumpra no domicilio ou noutro lugar sinalado polo xuíz ou tribunal por un período de tempo que non pode exceder de doce días, xa sexan consecutivos ou os fins de semana, se o xuíz ou tribunal sentenciador o considera máis procedente.

2.1.2.- Artigo 39: penas restritivas de dereitos

<i>Precepto do Código Penal que se derroga</i>	<i>Redacción que agora se inclúe no Código Penal</i>
<p>Son penas privativas de dereitos:</p> <p>a) A inhabilitación absoluta.</p> <p>b) As de inhabilitación especial para emprego ou cargo público, profesión, oficio, industria ou comercio, ou dos dereitos de patria potestade, tutela, garda ou curadoría, dereito de sufraxio</p>	<p>Son penas privativas de dereitos:</p> <p>a) A inhabilitación absoluta.</p> <p>b) As de inhabilitación especial para emprego ou cargo público, profesión, oficio, industria ou comercio, ou outras actividades determinadas neste Código, ou dos dereitos de patria potestade,</p>

Guía Práctica contra a Violencia Doméstica e de Xénero

<p>pasivo ou de calquera outro dereito.</p> <p>c) A suspensión de emprego ou cargo público.</p> <p>d) A privación do dereito a conducir vehículos a motor e ciclo motores.</p> <p>e) A privación do dereito á tenencia e porte de armas.</p> <p>f) A privación do dereito a residir en determinados lugares ou acudir a eles, ou a prohibición de aproximarse á vítima, ou a aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o Xuíz ou Tribunal, ou de comunicarse con eles.</p>	<p>tutela, garda ou curadoría, dereito de sufraxio pasivo ou de calquera outro dereito.</p> <p>c) A suspensión de emprego ou cargo público.</p> <p>d) A privación do dereito a conducir vehículos a motor e ciclomotores.</p> <p>e) A privación do dereito á tenencia e porte de armas.</p> <p>f) A privación do dereito a residir en determinados lugares ou acudir a eles.</p> <p>g) A prohibición de aproximarse á vítima ou a aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o Xuíz ou Tribunal.</p> <p>h) A prohibición de comunicarse coa vítima ou con aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o Xuíz ou Tribunal.</p> <p>i) Os traballos en beneficio da comunidade.</p> <p style="text-align: center;"><u>FIN ARTIGO 39</u></p>
--	---

ASPECTOS A DESTACAR DA NOVA REGULACIÓN DO PRECEPTO

1.- Pásase a considerar de forma autónoma e independente as penas de privación do dereito a residir en determinados lugares ou acudir a eles, a prohibición de aproximarse á vítima ou a aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine el Xuíz o Tribunal y la prohibición de comunicarse coa vítima ou con aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o Xuíz ou Tribunal.

2.- Estas penas que se incluíron no art. 39 CP foron incluídas por apartado 4.º do artigo 1 da L.O. 14/1999, de 9 de xuño, de modificación do Código Penal de 1995, en materia de protección ás vítimas de malos tratos e da Lei de Axuizamento Criminal («B.O.E.» 10 xuño). Coa reforma dáselle a cada unha delas unha letra no art. 39, pasando a ser as f), g) e h) con autonomía e independencia para adoptalas todas ou algunha delas en base ás circunstancias concorrentes.

2.1.3.- Artigo: catálogo de penas privativas de dereitos

<i>Precepto do Código Penal que se derroga</i>	<i>Redacción que agora se inclúe no Código Penal</i>
<p>A pena de inhabilitación absoluta terá unha duración de seis a vinte anos, salvo o que excepcionalmente dispoñan outros preceptos do presente Código; as de inhabilitación especial, de seis meses a vinte anos; a de suspensión de</p>	<p>1. A pena de inhabilitación absoluta terá unha duración de seis a vinte anos; as de inhabilitación especial, de tres meses a vinte anos, e a de suspensión de emprego ou cargo público, de tres</p>

<p>emprego ou cargo público, de seis meses a seis anos; a de privación do dereito a conducir vehículos a motor e ciclomotores e a de privación do dereito á tenencia e porte de armas, de tres meses a dez anos; a de privación do dereito a residir ou acudir a determinados lugares, de seis meses a cinco anos, e a de traballos en beneficio da comunidade, de un día a un ano.</p>	<p>meses a seis anos.</p> <p>2. A pena de privación do dereito a conducir vehículos a motor e ciclomotores, e a de privación do dereito á tenencia e porte de armas, terán unha duración de tres meses a dez anos.</p> <p>3. A pena de privación do dereito a residir en determinados lugares ou acudir a eles terá unha duración de ata dez anos. A prohibición de aproximarse á vítima ou a aqueles dos seus familiares ou outras persoas, ou de comunicarse con elas, terá unha duración de un mes a dez anos.</p> <p>4. A pena de traballos en beneficio da comunidade terá unha duración de un día a un ano.</p> <p>5. A duración de cada unha destas penas será a prevista nos apartados anteriores, salvo o que excepcionalmente dispoñan outros preceptos do presente Código.</p> <p style="text-align: center;"><u>FIN ARTIGO 40</u></p>
---	--

ASPECTOS A DESTACAR DA NOVA REGULACIÓN DO PRECEPTO

1.- Amplíase a de privación do dereito a residir ou acudir a determinados lugares, de seis meses a cinco anos que constaba na regulación derogada a unha pena de duración de ata dez anos.

2.- Amplíase a pena de prohibición de aproximación á vítima ou a aqueles familiares ou persoas que designe de ata cinco anos que estaba prevista a unha pena de un mes ata dez anos.

2.1.4.- Artigo 46: inhabilitación especial para o exercicio da patria potestade, tutela, curadoría, garda ou acollemento

<i>Precepto do Código Penal que se modifica</i>	<i>Redacción que agora se inclúe no Código Penal</i>
<p>A inhabilitación especial para o exercicio da patria potestade, tutela, curadoría, garda ou acollemento, priva ao penado dos dereitos inherentes á primeira, e supón a extinción das demais, así como a incapacidade para obter nomeamento para os devanditos cargos durante o tempo da condena.</p>	<p>A inhabilitación especial para o exercicio da patria potestade, tutela, curadoría, garda ou acollemento, priva ao penado dos dereitos inherentes á primeira, e supón a extinción das demais, así como a incapacidade para obter nomeamento para os devanditos cargos durante o tempo da condena.</p> <p>O xuíz o tribunal poderá acordar esta pena respecto de todos ou dalgún dos menores que estean a cargo do penado, en atención ás circunstancias do caso.</p> <p style="text-align: center;"><u>FIN ARTIGO 46</u></p>

ASPECTOS A DESTACAR DA NOVA REGULACIÓN DO PRECEPTO

1.- A L.O.15/2003 mantén como pena privativa de dereitos a de inhabilitación especial para o exercicio da patria potestade, tutela, curadoría, garda ou acollemento.

2.- Introduce, de xeito expreso, a facultade do xuíz ou tribunal sentenciador de determinar, en atención ás circunstancias do caso, o alcance da pena en relación cos menores que estean a cargo do penado; de tal xeito que a pena pode ser respecto de todos ou dalgún dos menores sometidos á patria potestade, tutela, curadoría, garda ou acollemento do condenado.

2.1.5.- Artigo 48: pena de prohibición de aproximación á vítima ou familiares

<i>Precepto do Código Penal que se modifica</i>	<i>Redacción que agora se inclúe no Código Penal</i>
<p>A privación do dereito a residir en determinados lugares ou acudir a eles impide ao penado volver ao lugar no que cometese o delito, ou a aquel no que resida a vítima ou a súa familia, se fosen distintos.</p> <p>A prohibición de aproximarse á vítima, ou a aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o Xuíz ou Tribunal, impide ao penado acercarse a eles en calquera lugar onde se encontren, así como acercarse ao domicilio de ditas persoas, aos seus lugares de traballo e a calquera outro que sexa frecuentado por elas.</p> <p>A prohibición de comunicarse coa vítima, ou con aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o Xuíz ou Tribunal, impide ao penado establecer con eles, por calquera medio de comunicación ou medio informático ou telemático, contacto escrito, verbal ou visual.</p>	<p>“ 1. A privación do dereito a residir en determinados lugares ou acudir a eles impide ao penado residir ou acudir ao lugar no que cometese o delito, ou a aquel no que resida a vítima ou a súa familia, se fosen distintos.</p> <p>2. A prohibición de aproximarse á vítima, ou a aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou tribunal, impide ao penado acercarse a eles en calquera lugar onde se encontren, así como acercarse ao seu domicilio, aos seus lugares de traballo e a calquera outro que sexa frecuentado por eles, quedando en suspenso, respecto dos fillos, o réxime de visitas, comunicación e estancia que, no seu caso, se recoñece en sentenza civil ata o total cumprimento desta pena.</p> <p>3. A prohibición de comunicarse coa vítima, ou con aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz o tribunal, impide ao penado establecer con elas, por calquera medio de comunicación ou medio informático ou telemático, contacto escrito, verbal ou visual.</p> <p>4. O xuíz ou tribunal poderá acordar que o control destas medidas se realice a través daqueles medios electrónicos que o permitan.</p> <p style="text-align: center;"><u>FIN ARTIGO 48</u></p>

ASPECTOS A DESTACAR DA NOVA REGULACIÓN DO PRECEPTO

1.- Unha importante novidade da L.O.15/2003 é que a pena privativa de dereitos consistente na prohibición de aproximación á vítima ou outras persoas, leva ligada a consecuencia xurídica de suspensión *ex lege* do réxime de visitas, comunicación e estancia respecto dos fillos fixado en sentenza civil. A suspensión automática do réxime de visitas durará ata o total cumprimento da pena imposta de prohibición de aproximación.

2.- Obsérvase que este artigo establece a suspensión automática do réxime de visitas respecto dos fillos, só para o caso de pena de prohibición de aproximación á vítima , familiares ou persoas determinadas. Non para as outras dúas modalidades consistentes na prohibición de residir e acudir a determinados lugares, ou prohibición de comunicación coa vítima ou outras persoas.

3.- Outórgase cobertura legal á facultade xudicial de ordenar o emprego de medios electrónicos que permitan controlar a execución das penas de prohibición de residencia, aproximación e comunicación. A norma non establece criterios sobre se debe ser o condenado ou a vítima quen deba soportar o medio técnico; de xeito que é posible o emprego de mecanismos electrónicos de liberdade controlada sobre o penado (*homelink*) que detectan o quebrantamento da prohibición de aproximación; ou ben a posta a disposición das vítimas de medios técnicos como telealarmas, móbiles, pulseiras ou brazaletes co sistema GPS de seguimento vía satélite que activa a alarma no centro policial ao que está conectado.

2.1.6.- Artigo 49: pena de traballos en beneficio da comunidade

<i>Precepto do Código Penal que se derroga</i>	<i>Redacción que agora se inclúe no Código Penal</i>
Os traballos en beneficio da comunidade, que non poderán impoñerse sen consentimento do penado, obríganlle a prestar a súa cooperación non retribuída en determinadas actividades de utilidade pública. A súa duración diaria non poderá exceder de oito horas e as súas condicións serán as seguintes:	“Os traballos en beneficio da comunidade, que non poderán impoñerse sen o consentimento do penado, obríganlle a prestar a súa cooperación non retribuída en determinadas actividades de utilidade pública, que poderán consistir, en relación con delitos de semellante natureza ao cometido polo penado, en labores de reparación dos danos causados ou de apoio ou asistencia ás vítimas. A súa duración diaria non poderá exceder de oito

<p>1.^a A execución desenvolverase baixo o control do Xuíz ou Tribunal sentenciador, que, a tal efecto, poderá requirir informes sobre o desempeño do traballo á Administración, entidade pública ou asociación de interese xeral en que se presten os servizos.</p> <p>2.^a Non atentará á dignidade do penado.</p> <p>3.^a O traballo en beneficio da comunidade será facilitado pola Administración, que poderá establecer os convenios oportunos a tal fin.</p> <p>4.^a Gozará da protección dispensada aos penados pola lexislación penitenciaria en materia de Seguridade Social.</p> <p>5.^a Non se supeditarán ao logro de intereses económicos.</p> <p>As demais circunstancias da súa execución estableceranse regulamentariamente consonte ao disposto na Lei penitenciaria, cuxas disposicións aplicaranse supletoriamente no non previsto expresamente neste Código.</p>	<p>horas e as súas condicións serán as seguintes:</p> <p>1.^a. A execución desenvolverase baixo o control do Xuíz de Vixilancia Penitenciaria, que, a tal efecto, requirirá os informes sobre o desempeño do traballo á Administración, entidade pública ou asociación de interese xeral en que se presten os servizos.</p> <p>2.^a. Non atentará á dignidade do penado.</p> <p>3.^a. O traballo en beneficio da comunidade será facilitado pola Administración, que poderá establecer os convenios oportunos a tal fin.</p> <p>4.^a. Gozará da protección dispensada aos penados pola lexislación penitenciaria en materia de Seguridade Social.</p> <p>5.^a. Non se supeditarán ao logro de intereses económicos.</p> <p>6.^a. Os Servizos Sociais Penitenciarios, feitas as verificacións necesarias, comunicarán ao Xuíz de Vixilancia Penitenciaria as incidencias relevantes da execución da pena e, en todo caso, se o penado:</p> <p>a) Se ausentase do traballo durante polo menos dúas xornadas laborais, sempre que isto supoña un rexeitamento voluntario pola súa parte ao cumprimento da pena.</p> <p>b) A pesar dos requirimentos do responsable do centro de traballo, o seu rendemento fose sensiblemente inferior ao mínimo esixible.</p> <p>c) Se opuxese ou incumprise de forma reiterada e manifesta as instrucións que se lle desen polo responsable da ocupación referidas ao desenvolvemento da mesma.</p> <p>d) Por calquera outra razón, a súa conduta fose tal que o responsable do traballo se negase a seguir manténdoo no centro.</p> <p>Unha vez valorado o informe, o Xuíz de Vixilancia Penitenciaria poderá acordar a súa execución no mesmo centro, enviar ao penado para que finalice a execución da mesma noutro centro ou entender que o penado incumpriu a pena.</p> <p>En caso de incumprimento, deducirase testemuño para proceder de conformidade co artigo 468.</p> <p>7.^a. Se o penado faltara do traballo por causa xustificada non se entenderá como abandono da actividade. Non obstante, o traballo perdido non se lle computará na liquidación da condena, na que se deberán facer constar os días ou xornadas que efectivamente traballase do total que se lle impuxese.”</p> <p style="text-align: center;"><u>FIN ARTIGO 49</u></p>
---	---

ASPECTOS A DESTACAR DA NOVA REGULACIÓN DO PRECEPTO

1.- O desenvolvemento da pena consistente en traballos en beneficio da comunidade tivo unha importante modificación na reforma operada do CP, xa que aparte dunha mellor regulación se somete a súa execución ao xuíz de vixilancia penitenciaria en lugar de ao xuíz ou tribunal sentenciador e se disciplina o réxime do seu incumprimento como establece a Exposición de Motivos citada.

2.- Suxéitase a execución ao xuíz de vixilancia penitenciaria, que non ao xuíz ou tribunal sentenciador, como se incluía antes, sendo considerada dentro da propia execución de pena no ámbito do xuíz de vixilancia penitenciaria.

3.- No caso de que o penado faltase ao traballo por causa xustificada procederase a non pagarlle ese día na liquidación da condena sen outras medidas engadidas, pero, claro está, sempre que o fose por causa xustificada a xuízo do xuíz de vixilancia penitenciaria.

2.1.7.- Artigo 57: prohibicións a impoñer nas sentencias

<i>Precepto do Código Penal que se derroga</i>	<i>Redacción que agora se inclúe no Código Penal</i>
<p>Os Xuíces ou Tribunais, nos delitos de homicidio, aborto, lesións, contra a liberdade, de torturas e contra a integridade moral, a liberdade e indemnidade sexuais, a intimidade, o dereito á propia imaxe e a inviolabilidade do domicilio, o honor, o patrimonio e a orde socioeconómico, atendendo á gravidade dos feitos ou ao perigo que o delincente represente, poderán acordar nas súas sentencias, dentro do período de tempo que os mesmos sinalen que, en ningún caso, excederá de cinco anos, a imposición de unha ou varias das seguintes prohibicións:</p> <p>a) A de aproximación á vítima, ou a aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o Xuíz o Tribunal.</p> <p>b) A de que se comunique coa vítima, ou con aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o Xuíz ou Tribunal.</p> <p>c) A de volver ao lugar no que se cometese o delito ou de acudir a aquel no que resida a vítima ou a súa familia, se fosen distintos.</p>	<p>1. Os Xuíces ou Tribunais, nos delitos de homicidio, aborto, lesións, contra a liberdade, de torturas e contra a integridade moral, a liberdade e indemnidade sexuais, a intimidade, o dereito á propia imaxe e a inviolabilidade do domicilio, o honor, o patrimonio e a orde socioeconómico, atendendo á gravidade dos feitos ou ao perigo que o delincente represente, poderán acordar nas súas sentencias a imposición de unha ou varias das prohibicións contempladas no artigo 48, por un tempo que non excederá de dez anos se o delito fose grave ou de cinco se fose menos grave.</p> <p>Non obstante o anterior, se o condenado o fose a pena de prisión e o Xuíz ou Tribunal acordase a imposición de unha ou varias de ditas prohibicións, farao por un tempo superior entre un e dez anos ao da duración da pena de prisión imposta na sentenza, se o delito fose grave, e entre un e cinco anos, se fose menos grave. Neste suposto, a pena de prisión e as prohibicións antes citadas cumpriranse necesariamente polo condenado de forma</p>

<p>Tamén poderán impoñerse as prohibicións establecidas no presente artigo, por un período de tempo que non excederá de seis meses, pola comisión dunha infracción cualificada como falta contra as persoas dos artigos 617 e 620 deste Código.</p>	<p>simultánea.</p> <p>2. Nos supostos dos delitos mencionados no primeiro parágrafo do apartado primeiro deste artigo cometidos contra quen sexa ou fose o cónxuxe, ou sobre persoa que estea ou estivese ligada ao condenado por unha análoga relación de afectividade mesmo sen convivencia, ou sobre os descendentes, ascendentes ou irmáns por natureza, adopción ou afinidade, propios ou do cónxuxe ou convivente, ou sobre os menores ou incapaces que con el convivan ou que se atopen suxeitos á potestade, tutela, curadoría, acollemento ou garda de feito do cónxuxe ou convivente, ou sobre persoa amparada en calquera outra relación pola que se encontre integrada no núcleo da súa convivencia familiar, así como sobre as persoas que pola súa especial vulnerabilidade se encontran sometidas á súa custodia ou garda en centros públicos ou privados, acordarase en todo caso a aplicación da pena prevista no apartado segundo do artigo 48 por un tempo que non excederá de dez anos se o delito fose grave ou de cinco se fose menos grave, sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do apartado anterior.</p> <p>3. Tamén poderán impoñerse as prohibicións establecidas no artigo 48, por un período de tempo que non excederá de seis meses, pola comisión dunha infracción cualificada como falta contra as persoas dos artigos 617 e 620.</p> <p style="text-align: center;"><u>FIN ARTIGO 57</u></p>
---	---

ASPECTOS A DESTACAR DA NOVA REGULACIÓN DO PRECEPTO

1.- Establecíase na regulación anterior a limitación na imposición na sentenza das prohibicións que se citan por período de cinco anos, mentres que na reforma poderanse impoñer as medidas de prohibición por un tempo que non excederá de dez anos se o delito fose grave ou de cinco se fose menos grave.

2.- Inclúese un parágrafo segundo neste artigo que supón unha novidade, xa que se o xuíz impón pena privativa de liberdade na sentenza e unha ou varias das prohibicións do art. 48 CP deberá establecer esta prohibición por un tempo superior ao correspondente á pena privativa de liberdade. Esta elevación da duración da medida de

prohibición por encima da privativa de liberdade serao, a criterio do xuíz, por período de entre 1 e 10 anos se o delito fose grave e entre 1 e 5 se fose menos grave.

Isto faise para conseguir que unha vez cumpra a pena privativa de liberdade o condenado teña unhas medidas de prohibición posteriores que lle impidan, por exemplo, achegarse á vítima, entre outras. Ao mesmo tempo, dispónse o cumprimento simultáneo das penas privativas de liberdade e das medidas de prohibición para evitar que nun permiso de saída do centro poida achegarse á vítima.

3.- Inclúese no apartado 2º do art. 57 CP a obriga de acordar a medida prevista no art. 48.2 CP (a prohibición de aproximación) cando se trate dos suxeitos pasivos previsto no art. 173.2 CP. Esta medida é obrigatoria nestes casos e non discrecional do xuíz, habida conta que se emprega a expresión “*Acordarase en todo caso*”. A duración non excederá de 10 anos se se trata de delito grave e de cinco se é menos grave.

4.- mantense a posibilidade de acordar en sentenza as medidas de prohibición do art. 48 nos casos de falta contra as persoas dos arts. 617 e 620 por período que non exceda de 6 meses. Iso si, nos casos de violencia doméstica tan só quedaría afectada xa a referencia do art. 620 2ª que sanciona aos que causen a outro unha ameaza, coacción, inxuria ou vexación inxusta de carácter leve ao constituír delito do art. 153 os casos antes contemplados nos arts. 617 e 620.1 CP.

2.1.8.- Artigo 83: suspensión da execución da pena

<i>Precepto del Código Penal que se modifica</i>	<i>Redacción que agora se inclúe no Código Penal</i>
<p>1. A suspensión da execución da pena quedará, sempre condicionada a que o reo non delinca no prazo fixado polo Xuíz ou Tribunal conforme ao art. 80 deste Código. No caso de que a pena suspendida fose de prisión, o Xuíz ou Tribunal sentenciador, se o estima necesario, poderá tamén condicionar a suspensión ao cumprimento das obrigas ou deberes que se fixase de entre as seguintes:</p> <p>1º) Prohibición de acudir a determinados lugares. 1º bis) Prohibición de aproximarse á vítima, ou a aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o Xuíz ou Tribunal, ou de comunicarse con eles.</p> <p>2º) Prohibición de ausentarse sen autorización do Xuíz ou Tribunal do lugar onde resida.</p>	<p>1. A suspensión da execución da pena quedará sempre condicionada a que o reo non delinca no prazo fixado polo Xuíz ou Tribunal conforme ao art. 80 deste Código. No caso de que a pena suspendida fose de prisión, o Xuíz ou Tribunal sentenciador, se o estima necesario, poderá tamén condicionar a suspensión ao cumprimento das obrigas ou deberes que lle fixase de entre as seguintes:</p> <p>1ª Prohibición de acudir a determinados lugares.</p> <p>2ª Prohibición de aproximarse á vítima, ou a aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o Xuíz ou Tribunal, ou de comunicarse con eles.</p>

Guía Práctica contra a Violencia Doméstica e de Xénero

<p>3º) Comparecer persoalmente ante o Xulgado ou Tribunal, ou servizo da Administración que estes sinalen, para informar das súas actividades e xustificálas.</p> <p>4º) Participar en programas formativos, laborais, culturais, de educación viaria, sexual e outros semellantes.</p> <p>5º) Cumprir os demais deberes que o Xuíz ou Tribunal estime convenientes para a rehabilitación social do penado, previa conformidade deste, sempre que non atenten contra a súa dignidade como persoa.</p> <p>2. Os servizos correspondentes da Administración competente informarán ao Xuíz ou Tribunal sentenciador, polo menos cada tres meses, sobre a observancia das regras de conduta impostas.</p>	<p>3ª Prohibición de ausentarse sen autorización do Xuíz ou Tribunal do lugar onde resida.</p> <p>4ª Comparecer persoalmente ante o Xulgado ou Tribunal, ou servizo da Administración que estes sinalen, para informar das súas actividades e xustificálas.</p> <p>5ª Participar en programas formativos, laborais, culturais, de educación viaria, sexual e outros semellantes.</p> <p>6ª Cumprir os demais deberes que o Xuíz ou Tribunal estime convenientes para a rehabilitación social do penado, previa conformidade deste, sempre que non atenten contra a súa dignidade como persoa.</p> <p>Se se tratase dos delitos contemplados nos artigos 153 e 173.2 deste Código, o Xuíz ou Tribunal condicionará en todo caso a suspensión ao cumprimento das obrigas ou deberes previstos nas regras 1ª e 2ª deste apartado.</p> <p>2. Os servizos correspondentes da Administración competente informarán ao Xuíz ou Tribunal sentenciador, polo menos cada tres meses, sobre a observancia das regras de conduta impostas.</p> <p style="text-align: center;"><u>FIN ARTIGO 83</u></p>
---	--

ASPECTOS A DESTACAR DA NOVA REGULACIÓN DO PRECEPTO

1.- A L.O.15/2003 modifica o apartado 1 do artigo 83 co obxectivo de substituír o apartado bis da súa redacción polo ordinal subseguinte e ordenar a numeración, en consecuencia, en feminino, dos ordinais cifrados que se refiren ás obrigas ou deberes do citado artigo.

2.- No caso de condenas polos delitos dos artigos 153 e 173.2 introduce a obriga legal de condicionar a suspensión da execución ao cumprimento da prohibición de acudir a determinados lugares e prohibición de aproximarse á vítima, ou a aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o Xuíz ou Tribunal, ou de comunicarse con eles (regras de conduta 1ª e 2ª do mesmo art. 83.1).

2.1.9.- Artigo 84: revogación da suspensión da execución da pena

<i>Precepto do Código Penal que se mantén</i>	<i>Redacción que agora se inclúe no Código Penal</i>
<p>1. Se o suxeito delinquire durante o prazo de suspensión fixado, o Xuíz ou Tribunal revogará a suspensión da execución da pena.</p> <p>2. Se o suxeito infrinxise durante o prazo de suspensión as obrigas ou deberes impostos, o Xuíz ou Tribunal poderá, previa audiencia das partes segundo os casos:</p> <p>a) Substituír a regra de conduta imposta por outra distinta.</p> <p>b) Prorrogar o prazo de suspensión, sen que en ningún caso poida exceder de cinco anos.</p> <p>c) Revogar a suspensión da execución da pena, se o incumprimento fose reiterado.</p>	<p>Engádesse un novo apartado 3 ao artigo 84 coa seguinte redacción:</p> <p>3. Nos supostos nos que a pena suspendida fose a de prisión por comisión dos delitos contemplados nos artigos 153 e 173.2 deste Código, o incumprimento por parte do reo das obrigas ou deberes sinalados nos números 1 e 2 do apartado primeiro do artigo 83 deste Código determinará a revogación da suspensión da execución da pena.»</p> <p style="text-align: center;"><u>FIN ARTIGO 84.3</u></p>

ASPECTOS A DESTACAR DA NOVA REGULACIÓN DO PRECEPTO

Expresamente establécese que o incumprimento dunha das medidas vai comportar de forma obrigatoria a suspensión da execución da pena e o corolario ingreso en prisión como establece o apartado 1º do art. 85 CP.

2.1.10.- Artigo 88: substitución da pena privativa de liberdade

<i>Precepto do Código Penal que se modifica</i>	<i>Redacción que agora se inclúe no Código Penal</i>
<p>1. Os Xuíces ou Tribunais poderán substituír, previa audiencia das partes, na mesma sentenza, ou posteriormente en auto motivado, antes de dar inicio á súa execución, as penas de prisión que non excedan dun ano por arresto de fin de semana ou multa, aínda que a lei non prevea estas penas para o delito de que se trate, cando as circunstancias persoais do reo, a natureza do feito, a súa conduta e, en particular, o esforzo para reparar o dano causado así o aconsellen, sempre que non se trate de reos habituais. Cada semana de prisión será substituída por dous arrestos de fin de semana; e cada día de prisión será substituído por dúas cotas de multa. Nestes casos o Xuíz ou Tribunal poderá ademais impoñer ao penado a observancia dunha ou varias das obrigas ou deberes previstos no art. 83 deste Código.</p>	<p>1. Os Xuíces ou Tribunais poderán substituír, previa audiencia das partes, na mesma sentenza, ou posteriormente en auto motivado, antes de dar inicio á súa execución, as penas de prisión que non excedan dun ano por multa ou por traballos en beneficio da comunidade, aínda que a lei non prevea estas penas para o delito de que se trate, cando as circunstancias persoais do reo, a natureza do feito, a súa conduta e, en particular, o esforzo para reparar o dano causado así o aconsellen, sempre que non se trate de reos habituais, substituíndose cada día de prisión por dúas cotas de multa ou por unha xornada de traballo. Nestes casos o Xuíz ou Tribunal poderá ademais impoñer ao penado a observancia dunha ou varias das obrigas ou deberes previstos no art. 83 deste Código, de non terse establecido como penas na sentenza, por tempo que non poderá exceder da duración da pena substituída.</p>

<p>Excepcionalmente poderán os Xuíces ou Tribunais substituír as penas de prisión que non excedan de dous anos aos reos non habituais cando das circunstancias do feito e do culpable se infira que o cumprimento daquelas frustraría os seus fins de prevención e reinserción social. Nestes casos, a substitución levarase a cabo cos mesmos requisitos e nos mesmos termos e módulos de conversión establecidos no parágrafo anterior.</p> <p>2. Tamén poderán os Xuíces e Tribunais, previa conformidade do reo, substituír as penas de arresto de fins de semana por multa ou traballos en beneficio da comunidade. Neste caso, cada arresto de fin de semana será substituído por catro cotas de multa ou dúas xornadas de traballo.</p> <p>3. No suposto de quebrantamento ou incumprimento en todo ou en parte da pena substitutiva, a pena de prisión ou de arresto de fin de semana inicialmente imposta executarase descontando, no seu caso, a parte de tempo que se cumprise, conforme as regras de conversión respectivamente establecidas nos apartados precedentes.</p> <p>4. En ningún caso se poderán substituír penas que sexan substitutivas doutras.</p>	<p>Excepcionalmente poderán os Xuíces ou Tribunais substituír por multa ou por multa e traballos en beneficio da comunidade, as penas de prisión que non excedan de dous anos aos reos non habituais, cando das circunstancias do feito e do culpable se infira que o cumprimento daquelas frustraría os seus fins de prevención e reinserción social. Nestes casos, a substitución levarase a cabo cos mesmos requisitos e nos mesmos termos e módulos de conversión establecidos no parágrafo anterior, para a pena de multa.</p> <p>No caso de que o reo fose condenado polo delito tipificado no artigo 173.2 deste Código, a pena de prisión só poderá ser substituída pola de traballos en beneficio da comunidade. Nestes supostos o Xuíz ou Tribunal imporá adicionalmente, ademais da suxeición a programas específicos de reeducación e tratamento psicolóxico, a observancia das obrigas ou deberes previstos nos números 1 e 2 do apartado primeiro do artigo 83 do presente Código.</p> <p>2. No suposto de incumprimento en todo ou en parte da pena substitutiva, a pena de prisión ou de arresto de fin de semana inicialmente imposta executarase descontando, no seu caso, a parte de tempo que se cumprise, conforme as regras de conversión respectivamente establecidas nos apartados precedentes.</p> <p>3. En ningún caso se poderán substituír penas que sexan substitutivas doutras.</p> <p style="text-align: center;"><u>FIN ARTIGO 88</u></p>
---	---

ASPECTOS A DESTACAR DA NOVA REGULACIÓN DO PRECEPTO

1.- Como consecuencia da supresión pola L.O.15/2003 da pena de arresto de fin de semana, modifícanse as referencias a esta como substitutivas das penas de prisión impostas a reos non habituais.

2.- Como substitutivas das penas de prisión que non excedan dun ano –ou excepcionalmente de dous anos– mantense a pena de multa e incorpórase a de traballos

en beneficio da comunidade, substituíndose cada día de prisión por dous cotas de multa ou por unha xornada de traballo.

3.- A L.O. 15/2003 contén previsión expresa de que no caso de condena por delito de violencia doméstica habitual –tipificado no artigo 173.2 do Código Penal– a pena de prisión non pode substituírse pola de multa. Só poderá ser substituída pola de traballos en beneficio da comunidade e imperativamente o Xuíz ou Tribunal impondrá dúas regras de conduta: en primeiro lugar, a suxeición a programas específicos de reeducación e tratamento psicolóxico; en segundo lugar, a prohibición de acudir a determinados lugares ademais da prohibición de aproximarse á vítima, ou a aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine, ou de comunicarse con eles.

2.2.- REFORMAS DA PARTE ESPECIAL

2.2.1.- Artigo 153: delito de lesións no ámbito doméstico

<i>Precepto do Código Penal que se derroga</i>	<i>Redacción que agora se inclúe no Código Penal</i>
O anterior art. 153 pasou a integrar agora o art. 173.2 CP.	<p>"O que por calquera medio ou procedemento causase a outro menoscabo psíquico ou unha lesión non definidos como delito neste Código ou golpease ou maltratase de obra a outro sen causarlle lesión, ou ameazase a outro de xeito leve con armas e outros instrumentos perigosos, cando en todos estes casos o ofendido fose algunha das persoas ás que se refire o artigo 173.2, será castigado coa pena de prisión de tres meses a un ano ou traballos en beneficio da comunidade de trinta e un a oitenta días e, en todo caso, privación do dereito á tenencia e porte de armas de un a tres anos, así como cando o Xuíz ou Tribunal o estime adecuado ao interese do menor ou incapaz, inhabilitación especial para o exercicio da patria potestade, tutela, curadoría, garda ou acollemento por tempo de seis meses a tres anos."</p> <p style="text-align: center;"><u>FIN ARTIGO 153</u></p>

ASPECTOS A DESTACAR DA NOVA REGULACIÓN DO PRECEPTO

1.- Elévanse á categoría de delito sendas condutas que estaban contempladas como falta na regulación de Código Penal que se derroga, cando se cometan os feitos antes citados contra algunha das persoas que se citan no art. 173.2 CP antes recollidos no art. 153.

2.- Trátase de elevar a sanción destas condutas contra as persoas en razón ao círculo especial dos suxeitos pasivos e a súa relación co agresor. Así, as dúas primeiras modalidades de agresión que agora se considera delito estaban antes sancionadas no art. 617.1 y 2 CP que sancionaban a provocación dunha lesión que non constituíse delito e ao que golpease ou maltratase a outro.

3.- A vantaxe da inclusión destes tipos penais no art. 153 vén recollida na propia Exposición de Motivos da Lei 11/2003 ao sinalar que *“As condutas que son consideradas no CP como faltas de lesións, cando se cometan no ámbito doméstico pasan a considerarse delitos, co que abre a posibilidade de impoñer pena de prisión e, en todo caso, a pena de privación do dereito á tenencia e porte de armas. Por esta razón axústase tecnicamente a falta regulada no art. 617 CP.”*

2.2.2.- Artigo 173.2: delito de violencia habitual

<i>Precepto do Código Penal que se modifica</i>	<i>Redacción que agora se inclúe no Código Penal</i>
<p>O anterior art. 153 pasou a integrar agora o art. 173.2 CP.</p> <p>Dispuña o art. 153 ex L.O.11/2003</p> <p>O que habitualmente exerza violencia física ou psíquica sobre quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou sobre persoa que estea ou estivese ligada a el de forma estable por análoga relación de afectividade, ou sobre os fillos propios ou do cónxuxe ou convivente, pupilos, ascendentes ou incapaces que con el convivan ou que se atopen suxeitos á potestade, tutela, curadoría, acollemento ou garda de feito dun ou outro, será castigado coa pena de prisión de seis meses a tres anos, sen prexuízo das penas que puidesen corresponder aos delitos ou faltas en que se concretasen os actos de violencia física ou psíquica.</p> <p>Para apreciar a habitualidade á que se refire o</p>	<p>1. O que inflíxise a outra persoa un trato degradante, menoscabando gravemente a súa integridade moral, será castigado coa pena de prisión de seis meses a dous anos.</p> <p>2. O que habitualmente exerza violencia física ou psíquica sobre quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou sobre persoa que estea ou estivese ligada a el de forma estable por análoga relación de afectividade, mesmo sen convivencia, ou sobre os descendentes, ascendentes ou irmáns por natureza, adopción ou afinidade, propios ou do cónxuxe ou convivente, ou sobre os menores ou incapaces que con el convivan ou que se atopen suxeitos á potestade, tutela, curadoría, acollemento ou garda de feito do cónxuxe ou convivente, ou sobre persoa amparada en calquera outra relación pola que se encontre integrada no núcleo da súa convivencia familiar, así como sobre as persoas que pola súa especial vulnerabilidade se encontran sometidas a custodia ou garda en centros públicos ou</p>

<p>parágrafo anterior, atenderase ao número de actos de violencia que resulten acreditados, así como á proximidade temporal dos mesmos, con independencia de que dita violencia se exercese sobre a mesma ou diferentes vítimas das comprendidas neste artigo, e de que os actos violentos fosen ou non obxecto de axuizamento en procesos anteriores”</p>	<p>privados, será castigado coa pena de prisión de seis meses a tres anos, privación do dereito á tenencia e porte de armas de dous a cinco anos e, no seu caso, cando o xuíz ou tribunal o estime adecuado ao interese do menor ou incapaz inhabilitación especial para o exercicio da patria potestade, tutela, curadoría, garda ou acollemento por tempo de un a cinco anos, sen prexuízo das penas que puidesen corresponder aos delitos ou faltas en que se concretasen os actos de violencia física ou psíquica.</p> <p>Imporanse as penas na súa metade superior cando algún ou algúns dos actos de violencia se perpetren en presenza de menores, ou empregando armas, ou teñan lugar no domicilio común ou no domicilio da vítima, ou se realicen quebrantando unha pena das contempladas no artigo 48 deste Código ou unha medida preventiva ou de seguridade ou prohibición da mesma natureza.</p> <p>3. Para apreciar a habitualidade á que se refire o apartado anterior, atenderase ao número de actos de violencia que resulten acreditados, así como á proximidade temporal dos mesmos, con independencia de que dita violencia se exercese sobre a mesma ou diferentes vítimas das comprendidas neste artigo, e de que os actos violentos fosen ou non obxecto de axuizamento en procesos anteriores”</p> <p style="text-align: center;"><u>FIN ARTIGO 173</u></p>
--	--

ASPECTOS A DESTACAR DA NOVA REGULACIÓN DO PRECEPTO

1.- O Plan de loita contra a delincuencia -presentado polo Goberno o día 12 de setembro de 2002- contemplaba un conxunto de actuacións que incluían medidas legislativas, entre as que puña un especial acento nas medidas dirixidas a fortalecer a seguridade cidadá, combater a violencia doméstica e favorecer a integración social dos estranxeiros. A Lei Orgánica 11/2003, de 29 de setembro dítase en execución do devandito Plan e entrou en vigor o día 1 de outubro de 2003.

2.- Respecto aos delitos de violencia doméstica cometidos con habitualidade, a Exposición de Motivos da L.O.11/2003 pon de manifesto o obxectivo de dotalo dunha

mellor sistemática, ao trasladalo dende o Título III do Código Penal - dedicado ás Lesións - ao Título VII dedicado ás “Torturas e outros delitos contra a integridade moral”, pasando a integrar o número 2 do art. 173, co obxecto de identificar con máis propiedade o ben xurídico protexido polo tipo penal.

3.- Xunto á relación matrimonial, presente ou pasada, o novo art. 173.2 introduce a variable de que a “análoga relación de afectividade mesmo sen convivencia” como vínculo entre suxeito activo e pasivo que permite aplicar o delito de violencia habitual. Esta extensión quere dar cabida ás agresións perpetradas polos que teñen ou tiveron unha relación de afectividade sen convivencia, porque “a Guía Práctica contra a Violencia Doméstica e de Xénero en realidade demostra que en moitos casos a conduta descrita dáse con gran frecuencia en relacións de parella que non conviviron nunca”, segundo Emenda número 177 presentada polo Grupo Parlamentario Socialista e número 143 do Grupo Parlamentario Catalán.

4.- O novo art. 173.2 amplía o círculo das posibles vítimas ou suxeitos pasivos, seguindo o informe da Fiscalía Xeral do Estado e do Consello Xeral do Poder Xudicial, no sentido de comprender ás seguintes persoas:

- 4.1. Descendentes do suxeito activo –ademais dos fillos que xa estaban na anterior regulación– ou do seu cónxuxe ou convivente; ascendentes do suxeito activo e tamén do cónxuxe ou convivente; e irmáns por natureza, adopción ou afinidade, sempre que estes parentes formen un núcleo de convivencia familiar.
- 4.2. Persoas amparadas en calquera outra relación pola que se encontre integrada no núcleo da súa convivencia familiar. Esíxese convivencia aínda que non existan os vínculos parentais antes mencionados.
- 4.3. Persoas que pola súa especial vulnerabilidade se encontran sometidas a custodia ou garda en centros públicos ou privados. Trátase de protexer a vítimas especialmente vulnerables, menores, incapaces ou anciáns que habitan en residencias de maneira habitual o permanente –non conxuntural– como se fose o seu fogar e onde poden padecer unha posición de debilidade fronte ás persoas máis fortes.

Guía Práctica contra a Violencia Doméstica e de Xénero

5.- A reforma introduce como pena accesoria imperativa a privación do dereito á tenencia e porte de armas de dous a cinco anos.

6.- A reforma introduce como pena facultativa, en atención ao interese do menor ou incapaz, a de inhabilitación especial da patria potestade, tutela, curadoría, garda ou acollemento.

7.- Como accións agravadas –con penas na súa metade superior– sinala as seguintes:

- 7.1. Cando algún ou algúns dos actos de violencia se perpetren en presenza de menores.
- 7.2. Cando se empreguen armas.
- 7.3. Cando se realicen quebrantando unha pena das contempladas no artigo 48 deste Código ou unha medida preventiva ou de seguridade ou prohibición da mesma natureza. Neste suposto estase referindo aos casos de quebrantamento das penas e das medidas preventivas de afastamento.

2.2.3.- Artigo 468: delito de quebrantamento de condena ou medida

<i>Precepto do Código Penal que se derroga</i>	<i>Redacción que agora se inclúe no Código Penal</i>
Os que quebrantasen a súa condena, medida de seguridade, prisión, medida preventiva, condución ou custodia, serán castigados coa pena de prisión de seis meses a un ano se estivesen privados de liberdade, e coa multa de doce a vintecatro meses nos demais casos.	1. Os que quebrantasen a súa condena, medida de seguridade, prisión, medida preventiva, condución ou custodia, serán castigados coa pena de prisión de seis meses a un ano se estivesen privados de liberdade. 2. Nos demais supostos, imporase multa de doce a vintecatro meses, salvo que se quebrantasen as prohibicións ás que se refire o apartado segundo do artigo 57 deste Código, en cuxo caso poderase impoñer a pena de prisión de tres meses a un ano ou a de traballos en beneficio da comunidade de noventa a cento oitenta días. FIN ARTIGO 468

ASPECTOS A DESTACAR DA NOVA REGULACIÓN DO PRECEPTO

1.- Sancionábase no texto anterior deste artigo coa pena de multa de 12 a 24 meses o quebrantamento de condena, medida de seguridade, medida preventiva, condución ou

custodia cando non se encontrase en prisión o autor do quebrantamento, circunstancia que propiciara situacións inxustas que sancionaban cunha pena de multa os incumprimentos das medidas de prohibición, por exemplo, do art. 48 y 57 CP.

2.- Nos casos de incumprimento das medidas de prohibición do art. 57.2 en relación co art. 48 a pena a imponer será a de prisión de tres meses a un ano ou a de traballos en beneficio da comunidade de noventa a cento oitenta días, pero cando o autor estivese privado de liberdade. Se non o estivesen tan só se aplicaríase pena privativa de liberdade nos casos de quebrantamento das medidas de prohibición do art. 48 en relación co art. 57.2 CP.

3.- Nos casos nos que se quebranten as medidas de privación de residir en determinados lugares ou acudir a eles, prohibición de aproximarse ou de comunicarse á vítima ou familiares e persoas que designe, poderase imponer a pena privativa de liberdade aínda que estivese en liberdade o autor dos feitos se se tratase dun caso de violencia doméstica. Resulta interesante puntualizar, sen embargo, que se esas medidas de prohibición se adoptasen noutros casos distintos aos referidos a calquera das persoas comprendidas no art. 173.2 CP a pena a imponer sería a de multa de 12 a 24 meses, xa que o apartado 2º do art. 57 ao que se refire o apartado 2º do art. 468 CP se circunscribe aos feitos referidos á comisión de calquera dos tipos penais do art. 57.1 CP cando a vítima fose unha das persoas comprendidas no art. 173.2 CP.

4.- No caso de incumprimento das medidas antes citadas de aproximación, residir ou comunicarse cando fosen adoptadas como medidas preventivas non se poderá aplicar a pena de prisión antes citada ao referirse o art. 57.2 aos supostos de penas nada máis, non aos casos de medidas preventivas. A redacción literal do art. 468.2 CP non permite aplicar a pena privativa de liberdade por incumprimento da medida preventiva de afastamento adoptada pola vía do art. 544 bis Lecr. Dentro do sistema, por exemplo, da Orde de protección aprobada pola Lei 27/2003, de 31 de xullo.

2.2.4.- Artigo 617: falta de malos tratos

<i>Precepto do Código Penal que se derroga</i>	<i>Redacción que agora se inclúe no Código Penal</i>
1. O que, por calquera medio ou procedemento, causase a	

<p>outro unha lesión non definida como delito neste Código, será castigado coa pena de arresto de tres a seis fins de semana ou multa de un a dous meses.</p> <p>2. O que golpease ou maltratase de obra a outro sen causarlle lesión será castigado coa pena de arresto de un a tres fins de semana ou multa de dez a trinta días.</p> <p>Cando o ofendido fose algunha das persoas á que se refire o artigo 153, a pena será a de arresto de tres a seis fins de semana ou multa de uno a dous meses, tendo en conta a posible repercusión económica que a pena imposta puidese ter sobre a propia vítima ou sobre o conxunto dos integrantes da unidade familiar.</p>	<p>"1. O que, por calquera medio ou procedemento, causase a outro unha lesión non definida como delito neste Código, será castigado coa pena de localización permanente de seis a doce días ou multa de un a dous meses.</p> <p>2. O que golpease ou maltratase de obra a outro sen causarlle lesión será castigado coa pena de localización permanente de dous a seis días ou multa de dez a trinta días."</p> <p style="text-align: center;"><u>FIN ARTIGO 617</u></p>
--	--

ASPECTOS A DESTACAR DA NOVA REGULACIÓN DO PRECEPTO

1.- Remitiuse ao art. 153 CP a mesma conduta que está sancionada como falta neste art. 617 CP cando o suxeito pasivo sexa unha das persoas contidas no art. 173.2 CP.

2.- É o único suposto do CP no que o feito é configurado como delito ou falta non en atención á acción en si, senón ao suxeito pasivo que recibe a agresión.

2.2.5.- Artigo 620: falta de ameazas, coacción, injurias ou vexación inxusta

<i>Precepto do Código Penal que se modifica.</i>	<i>Redacción que agora se inclúe no Código Penal</i>
<p>Serán castigados coa pena de multa de dez a vinte días:</p> <p>1º) Os que, de xeito leve, ameacen a outro con armas ou outros instrumentos perigosos, ou os saquen en rifa, como non sexa en xusta defensa, e salvo que o feito sexa constitutivo de delito.</p> <p>2º) Os que causen a outro unha ameaza, coacción, injuria ou vexación inxusta de carácter leve.</p> <p>Os feitos descritos nos dous números anteriores só serán perseguibles mediante denuncia da persoa agraviada ou do seu representante legal.</p>	<p>Serán castigados coa pena de multa de dez a vinte días:</p> <p>1º) Os que, de xeito leve, ameacen a outro con armas ou outros instrumentos perigosos, ou os saquen en rifa, como non sexa en xusta defensa, e salvo que o feito sexa constitutivo de delito.</p> <p>2º) Os que causen a outro unha ameaza, coacción, injuria ou vexación inxusta de carácter leve.</p> <p>Os feitos descritos nos dous números anteriores só serán perseguibles mediante denuncia da persoa agraviada ou do seu representante legal.</p> <p>Nos supostos do apartado segundo deste artigo, cando o ofendido fose algunha das persoas ás que se refire o artigo 173.2, a pena será a de localización permanente de catro a oito días, sempre en domicilio diferente e afastado do da vítima ou traballos en beneficio da comunidade de cinco a dez días.</p> <p>Nestes casos non será esixible a denuncia á que se refire o parágrafo anterior deste artigo, excepto para a persecución das injurias.</p> <p style="text-align: center;"><u>FIN ARTIGO 620</u></p>

ASPECTOS A DESTACAR DA NOVA REGULACIÓN DO PRECEPTO

1.- O 620 é o único reduto das faltas de violencia doméstica. Trala LO 15/2003 as posibles faltas de violencia doméstica refírense ás accións de ameazar sen arma ou instrumento perigoso, coaccionar, inxuriar ou vexar inxustamente, con carácter leve a algunha das persoas ás que se refire o art. 173.2. Mantense a excepción ao principio de persecución de oficio para o caso das inxurias leves, onde se esixe denuncia da persoa agraviada ou do seu representante legal.

2.- A pena de arresto de fin de semana queda substituída pola pena de localización permanente de 4 a 8 días. Para os supostos de violencia doméstica –aqueles onde o ofendido sexa algunha das persoas ás que se refire o art. 173.2 CP– establécese a previsión legal de que a pena de localización permanente tense que cumprir en domicilio diferente e afastado do da vítima. A finalidade é evitar os efectos do antigo arresto domiciliario, onde o condenado podía cumprir a pena de privación de liberdade no propio domicilio familiar, xunto á vítima.

3.- Suprímese a pena de multa e no seu lugar introdúcese a pena de Traballos en Beneficio da Comunidade de 5 a 10 días como alternativa á pena de localización permanente.